Lévanse a cabo modificacións no IRPF e no Imposto de Patrimonio, de xeito que se introduce maior progresividade na escala autonómica do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas, mentres que no Imposto de Patrimonio establécese o mínimo en 300.000 euros, e a escala do mesmo dótase tamén de maior progresividade.

Así mesmo, derrogase a modificación no Imposto de Sociedades aprobada no ano 2015. Por último, créase un novo tributo propio da Comunidade Autónoma, en concreto, un Imposto sobre as Grandes Superficies Comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que, salvo determinadas excepcións, teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 metros cadrados dedicados á venda ao por menor.

Por último, a lei contén tres disposicións derradeiras e dous anexos.

TÍTULO I – Modificación da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018.

Artigo 1. Medidas de reforzo da sanidade pública galega mediante o incremento do gasto sanitario en atención primaria.

Co obxecto de reforzar a sanidade pública galega, contéplase un incremento no gasto sanitario en atención primaria, para deste xeito comezar a reverter as cuantiosas reducións orzamentais experimentadas no mesmo. Así, modifícase o estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018, contemplándose un incremento de 223 millóns de euros para o programa “412B – Atención Primaria”, tal e como queda reflectido na seguinte táboa:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

Incremento estado de gastos				
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Contía
SANIDADE	11	80	412B – Atención Primaria	223.000.000

Artigo 2. Modificacións no articulado da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018.

UN. Substitúese o primeiro parágrafo e a primeira táboa do apartado Un do artigo 2 polos seguintes:

Un.- Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 10.858.973.161 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.978.876.614	97.157.714	1.054.897.925	6.130.932.253
Organismos autónomos	3.906.233.159	17.491.352		3.923.724.511
Entidades públicas instrumentais	2.028.752			2.028.752
Axencias públicas autonómicas	734.994.523	46.439.455	20.853.667	802.287.645
Total	9.622.133.048	161.088.521	1.075.751.592	10.858.973.161



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

DOUS. Substitúese o apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:

Catro.- Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 10.858.973.161 euros, distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	9.203.949.324	27.696.219	1.377.060.262	10.608.705.805
Organismos autónomos	210.385.634	652.500		211.038.134
Axencias públicas autonómicas	160			160
Axencias públicas autonómicas	14.598.279	14.630.783	10.000.000	39.229.062
Total	9.428.933.397	42.979.502	1.387.060.262	10.858.973.161

Artigo 3. Minoracións no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018.

O estado de gastos verase diminuído nas contías contempladas no Anexo I da presente lei.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

TITULO II- Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo 4. Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

UN. Engádesse un novo apartado, o “Dous”, quedando redactado da seguinte maneira

Dous. Substitúese a escala do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas, a que se refire o apartado Dous do artigo 4 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo pola seguinte:

Base liquidábel - Ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidábel - ata euros	Tipo aplicábel (%)
0	0	12.450	9,5
12.450	1.182,75	7.750	11,75
20.200	2.093,38	7.500	14
27.700	3.143,38	7.500	17
35.200	4.418,38	12.400	20
47.600	6.898,38	12.400	21,5
60.000	9.366,87	60.000	24,5
120.000	24.066,87	En diante	25,5



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

DOUS. Engádesse un novo apartado, o “Dous”, quedando redactado da seguinte maneira.

Dous. Modifícase o Capítulo III do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Artigo 13. Mínimo exento.

O mínimo exento no Imposto sobre o Patrimonio establecece en 300.000 euros.”

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidábel ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidábel ata euros	Tipo aplicábel %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43.285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En diante	5,0

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza poderán modificar a escala prevista neste artigo.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

TRES. Engádesse un novo artigo 4 bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

“Artigo 4 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.

Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m² dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base imponible do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

CATRO. Engádese un novo artigo 4 ter coa seguinte redacción.

Artigo 4 Ter. Suprímese o artigo 2 da Lei 12/2015 de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2016.

CINCO. O incremento no estado de ingresos na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018 derivado destas modificacións tributarias contéplase no Anexo I da presente lei.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 1/2017 de 8 de febreiro.

Realizaranse as modificacións necesarias da Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018 e da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para adaptarse aos preceptos contemplados na presente lei.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa

Autorízase á consellería competente en materia de facenda para que dite as normas precisas para a execución do disposto na presente lei.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no diario oficial de Galiza



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

Anexo I

Diminución do estado de gastos. O estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018 verase diminuído nas seguintes contías:

Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
Infraestruturas	8	1	511A	640.0	200.000	Investimentos de carácter inmaterial
Infraestruturas	8	1	512B	732.04	74.000.000	Transferencias AGI
Infraestruturas	8	2	512A	640.0	500.000	Estudos e proxectos transporte
Infraestruturas	8	1	451A	730.05	5.000.000	Transferencia IGVS
Presidencia	4	10	111A	110	200.000	Persoal gabinete
Presidencia	4	10	111A	226	100.000	Gastos diversos
Presidencia	4	20	461A	110	150.000	Persoal gabinete
Presidencia	4	20	461A	226.08	200.000	Cobertura información
Presidencia	4	20	461A	6400	500.000	Programas comunicación social
Vicepresidencia	5	21	121A	110	120.000	Persoal gabinete
Vicepresidencia	5	21	121A	632.0	1.000.000	Investimento reposición
Facenda	6	1	611A	110	257.284	Persoal eventual de gabinete
Facenda	6	1	611A	212	3.100	Edificios e outras construcións
Facenda	6	1	611A	213	1.200	Maquinaria, instalacións e utensilios
Facenda	6	1	611A	220.01	92.417	Prensa, revistas, libros e outras publicacións
Facenda	6	1	611A	220.02	40.394	Material informático non inventariable
Facenda	6	1	611A	222	38.464	Comunicacións
Facenda	6	1	611A	223	3.000	Transportes
Facenda	6	1	611A	226	63.800	Gastos diversos
Facenda	6	1	611A	227	219.497	Traballos realizados por outras empresas
Gastos de diversas Consellerías	23	2	621B	500	4.500.000	Fondo de Continxencia
Facenda	6	1	611A	640.1	70.000	Asesoramento externo
Facenda	6	1	612A	220	3.400	Material de oficina
Facenda	6	1	612A	640.1	737.444	Plan de auditorías



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

Anexo II

Incremento do estado de ingresos. O estado de ingresos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018 verase incrementado nas seguintes contías:

Incremento Estado de ingresos				
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
1	0	0	23.000.000	Tarifa Autonómica IRPF. Novo tramo para rendas superiores a 120.000 €, tipo marxinal 25,5%
1	1	1	37.000.000	Imposto sobre o Patrimonio. Redución do mínimo exento e modificación da tarifa
1	1	0	45.000.000	Supresión modificacións 2015 no Imposto de Sucesións e Doazóns
1	1	2	30.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332
Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA O IMPULSO DUN PLAN DE MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA

-Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018.

-Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2018 17:47:17

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2018 17:47:22



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:47
Nº Rexistro: 24332

Data envío: 29/01/2018 17:47:59.799

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2018 17:47:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2018 17:47:30

Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2018 17:47:35

Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2018 17:47:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 21744, sobre a política da Xunta en materia de servizos sociais, que foi tratada na sesión plenaria do día 22 de xaneiro de 2018. (10/INT-000741)

MOCIÓN

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elevar, nos Orzamentos da Xunta de 2019, o investimento en Acción e Promoción Social en, canto menos, 120 millóns de euros.
- Elevar, nos Orzamentos da Xunta de 2019, o investimento en Promoción do Emprego e do Mercado Laboral en, canto menos, 60 millóns de euros.
- Derrogar a Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Aumentar o persoal nos centros da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Dirixirse ao Goberno do Estado para que se establezan nos Orzamentos Xerais dos vindeiros anos partidas suficientes que permitan recuperar o recortado en dependencia dende o ano 2012.



- Trasladar ao Goberno do Estado que asuma a achega do 50% do gasto total en atención á dependencia previsto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

- Desenvolver un modelo de renda social galega que garanta a inclusión social, impulsando unha primeira fase da mesma nos Orzamentos de 2019 con, canto menos, 100 millóns de euros.

- Aumentar as prazas públicas en residencias da terceira idade ata cubrir, antes de 2020, a demanda existente.

- Impulsar un plan para a xestión pública do acollemento de menores.

- Aumentar os fondos para a dotación de recursos residenciais e terapéuticos para as persoas con diversidade funcional.

- Aumentar os fondos para centros de acollida de mulleres vítimas de violencia machista, comezando en 2019 unha casa de acollida en Compostela.

- Impulsar unha estratexia galega para atención ás persoas sen fogar que inclúa vivendas de saída, segundo o modelo Housing First, nas principais cidades.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/01/2018 16:55:13

Luis Villares Naveira na data 25/01/2018 16:55:21

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación núm. **20803 (10/INT-000695)**, sobre a **política do Goberno galego en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9**, debatida na sesión plenaria do 23 de xaneiro de 2018,

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Elaboración de inmediato dun estudo de viabilidade que contemple o posible custe económico, o impacto tarifario e as posibles alternativas para o seu financiamento.

Segundo.- Demandar do goberno do Estado una nova política tarifaria, con cargo aos extraordinarios beneficios da concesionaria, de forma que se estableza unha redución xeral das tarifas da AP-9 e reducións para os usuarios que, entre outros, se poidan considerar que:

- Realizan traxectos diarias de ida e volta.
- Utilizan de forma habitual a infraestrutura.
- Dependan para o seu traslado ao traballo da utilización da AP-9.
- Sexan profesionais, autónomos e pequenas empresas do sector do transporte .

Terceiro.- Esixa ao Goberno do Estado deixar sen efecto os acordos con AUDASA que permiten o incremento de tarifas nas peaxes da AP-9 no ano 2018 e seguintes.

Cuarto.- Condenar o veto e solicitar do Goberno do Estado que non obstaculice a tramitación da Proposición de lei de transferencia da titularidade, respectando así a vontade democrática expresada polo Parlamento galego.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 13:22
Nº Rexistro: 24252
Data envío: 26/01/2018 13:22:02.873

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 26/01/2018 13:17:44

Marcos Cal Ogando na data 26/01/2018 13:17:58

Antón Sánchez García na data 26/01/2018 13:18:08



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada os días 23 e 24 de xaneiro de 2018, sobre os problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe (10/INT-000748, documento número 22065)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir ás xerencias dos centros hospitalarios de Galicia un informe dos episodios de saturacións vividos en cada centro, que inclúa a previsión realizada, a dotación de recursos existentes e o reforzo aportado, así como unha avaliación do desenvolvemento da labor nos momentos de maior volume de pacientes. Enviar unha copia de cada informe a cada grupo político e á Xunta de Persoal correspondente.
2. Elevar a dotación material e humana dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galicia, negociando cos colectivos profesionais e sindicais de cada centro hospitalario un plan de aumento de persoal progresivo para os dous próximos anos.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2018 16:14:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/01/2018 16:15:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo. O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo. A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicoloxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

En España, o incremento do xogo foi exponencial desde a súa legalización en 1977. O noso país é actualmente, xunto con Alemaña, o que maior gasto en xogo per cápita realiza de Europa, e un dos maiores do mundo. Constátase que despois das máquinas comecartos, os xogos on-line supoñen o maior problema neste eido.

O perfil do xogador on-line é novo, existindo casos de menores que xogan polo fácil que é vulnerar a lei na internet. O xogo en liña constitúese así como a segunda causa de tratamento por adicción ao xogo. A chegada da rede trouxo a un novo tipo de ludópata, a maioría son homes, teñen estudos, e cada vez son máis novos. Ata hai pouco os xogadores empezaban de media aos 28 anos a apostar, na actualidade esa media está xa nos 18 anos. Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on-line e o comezo da adicción é tremendamente curto.

Grupo Parlamentario

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como “*competencia exclusiva da Comunidade, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas*”. Acorde co anterior e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A entrada en vigor da *Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo*, tiña entre os seus obxectivos a protección dos usuarios, a protección dos menores e a protección dos grupos vulnerables. Por iso, correspóndelle ás administracións públicas contribuír a alcanzalos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a previr e combater a ludopatía entre a mocidade poñendo en marcha, entre outras, as seguintes medidas:

1. Habilitar mecanismos de control no risco de máquinas comecartos, con toda a urxencia posible, ao ser o risco de adicción máis estendido.
2. Establecer unha regulación clara, concisa, e estrita sobre os distintos programas de incitación á práctica das diversas modalidades de xogo en liña, incidindo fundamentalmente na regulación da publicidade.
3. Realizar campañas de sensibilización e prevención da ludopatía, dotadas orzamentariamente, con proxectos dirixidos a menores e que incorporen a perspectiva de xénero.
4. Expor na Comisión de Xogo de Galicia (creado a través da *Lei 14/85, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia*, como órgano de estudo, coordinación e asesoramento das actividades relacionadas coa práctica de xogos e apostas en Galicia) o desenvolvemento de defensa dos sectores máis vulnerables, especialmente os e as menores, aplicando o principio de responsabilidade da Administración para que se establezan mecanismos de regulación de obrigado cumprimento,

 Grupo Parlamentario

priorizando os intereses da sociedade en xeral e non só os
intereses dos axentes económicos.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/01/2018 18:58:08

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2018 18:58:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/01/2018 18:58:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Davide Rodríguez Estévez e da súa deputada Paula Quinteiro Araujo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A erosión que sofre o chan galego é un síntoma claro do seu abandono. Segundo os datos oficiais que manexa a propia Consellería de Medio Rural, o 40% do territorio galego padece erosión nalgún grao. No 12% do chan (que supón un total de 350.000 hectáreas) a situación é tan grave que existe risco de desertización. Isto constitúe un perigo por varias razóns. En circunstancias normais, o solo depura a auga da chuvia e filtraa, enchendo os acuíferos subterráneos. Porén, nos casos de erosión créase un manto impermeable polo cal se desliza a auga, aumentando así a probabilidade de inundacións e de que os ríos se enchan de residuos. Ademais, a erosión provoca que a vexetación teña menos nutrientes para medrar.

A erosión do chan prodúcese debido á tala indiscriminada, aos incendios e ao aproveitamento masivo da biomasa. Pode, por tanto, ser evitada coa planificación pertinente.

Do mesmo xeito que solicitamos que a loita contra os lumes se leve a cabo durante todo o ano e non só cando vemos arder, é preciso que se estableza un protocolo claro de loita contra a erosión cuxa aplicación sexa continuada no tempo.



Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación dun protocolo
preventivo de loita contra a erosión que se aplique ao longo de todo ano.

Santiago de Compostela a 19 de xaneiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/01/2018 11:33:44

Paula Quinteiro Araújo na data 19/01/2018 11:33:51

Luis Villares Naveira na data 19/01/2018 11:34:00

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A normativa europea acaba de poñer nun brete ao sector agrario galego. Dende o pasado día 1 de xaneiro, está prohibido espallar o xurro polo aire, tal e como se fixo en Galicia os últimos 50 anos. A nova normativa obriga a inxectalo no chan ou a enterralo no caso de que sexa esterco.

Se aceptase este novo marco, o sector tería que cambiar o seu sistema de traballo tradicional, así como a súa maquinaria, co conseguinte custe económico. O custe global estímase en torno aos 70 millóns de euros. Gran parte dos cartos empregaríanse en renovar máis de 20.000 cisternas, xa que só o 10% das actuais poderían adaptarse ao sistema de inxectores requirido. As novas cisternas costarían entre 12.000 e 18.000 euros. A adaptación sería moito máis custosa (o triplo) para as dos mil granxas que, a maiores, terían que comprar cubas novas. Iso por non falar dos agricultores que terían que xubilar os seus vellos tractores para comprar outros novos cunha potencia acorde aos inxectores.

No que respecta á propia práctica, o principal problema ten que ver co feito de que se precisaría moito máis tempo (o triplo) para facer exactamente o mesmo traballo.

Tendo en conta as complicacións mencionadas, cabe pensar que, polo momento, non é posible cumprir a nova normativa europea, polo que sería sensato establecer un amplo período de transición que fora acompañado de axudas autonómicas que permitisen ás persoas agricultoras adaptarse á situación sen endebedarse por enriba das súas posibilidades.

Un cambio de normativa como o presente tería que ser unha oportunidade de mellorar as labores que se desempeñan no campo galego. Ninguén pode quedar polo camiño por falta de recursos ou ausencia de planificación política por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Diseñar un plan de axudas económicas que permita ao sector agrícola adaptarse á nova normativa europea.
2. Esixir a suspensión da normativa europea ata que as axudas sexan accesibles aos agricultores e agricultoras.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/01/2018 12:03:14

Paula Quinteiro Araújo na data 19/01/2018 12:03:23

Luis Villares Naveira na data 19/01/2018 12:03:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á proposta de nova zonificación escolar de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proposta de nova zonificación escolar remitida pola Inspección Educativa e formulada desde a Consellaría de Educación contempla a creación de 4 zonas escolares (unha zona que se corresponde co núcleo urbano e as tres restantes que se reparten o resto do territorio da cidade).

Neste sentido, a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS) valora que as zonas escolares contempladas na proposta limitan, por un lado, a liberdade de elección de centro para as familias, xa que non garanten a posibilidade de elección de ensino público nalgunha das zonas establecidas. Por outro lado, son incompatibles co principio que a propia comisión define como determinante na elaboración do borrador, isto é: achegar a periferia ao centro da cidade na procura dun equilibrio nas ratios escolares.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta proposta non inclúe nin unha análise da situación actual, nin unha exposición de motivos e de criterios adoptados á hora da súa elaboración, o que é indicativo da arbitrariedade da mesma. Logo, as delimitacións zonais propostas non só non garanten a liberdade en igualdade de condicións, senón que ademais non abordan os problemas estruturais que ameazan a continuidade dalgúns centros públicos da cidade (como é o caso do IES de Teis ou o CEIP Castela de Navia).

Esta transformación vai significar a eliminación de postos de traballo e profesorado, coa correspondente diminución de prazas no ensino público, aumentando aínda máis a fenda entre o ensino privado e o público, tal e como vén de denunciar publicamente a CIG-Ensino. Ademais é inadmisíbel que, con esta proposta, alumnado de centros públicos se poida ver privado do dereito a cursar estudos secundarios en centros próximos aos seus domicilios, mentres este dereito si se lle garante a quen asiste a centros concertados.

No BNG consideramos que o establecemento dunha nova zonificación escolar para a cidade de Vigo é unha necesidade real, mais vemos con preocupación que esta proposta se faga de costas á comunidade educativa da cidade de Vigo e supoña, unha vez máis, unha aposta polo ensino privado en detrimento do ensino público.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:39
Nº Rexistro: 23708
Data envío: 19/01/2018 12:39:42.951

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- A paralización da tramitación da proposta de nova zonificación escolar de Vigo.

2.- Iniciar o proceso de elaboración dunha nova proposta que sexa participativa, reflexiva, transparente e consensuada coa comunidade educativa do concello de Vigo.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:39
Nº Rexistro: 23708

Data envío: 19/01/2018 12:39:42.951

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2018 11:37:54

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2018 11:37:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2018 11:38:02

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2018 11:38:03

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2018 11:38:04

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2018 11:38:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza apoia os chamados Campionatos de caza do raposo e a denominada Supercopa Galega, unha competición na que se premia a habilidade de matar o maior número de raposos no menor tempo posíbel. O feito de tratar de equiparar actividades e prácticas deportivas con saír masivamente ao monte a matar raposos supón un exercicio de crueldade e cinismo absoluto, para tratar de xustificar a matanza sistemática destes pequenos mamíferos por mero divertimento.

A pervivencia dos chamados campionatos de caza de raposo e da denominada “Supercopa galega” amosan unha auténtica falta de respecto ao medio natural, ao medio rural e á súa veciñanza. Segundo datos de colectivos ecoloxistas, nestes “campionatos” que se desenvolven de maneira intensiva ao longo de varias semanas, participan centos de cazadores e poden chegar a abaterse máis de 200 exemplares de raposos. Estas actividades competitivas e agresivas, coa presenza masiva de cazadores no monte, provoca a morte tamén de animais salvaxes protexidos, como aconteceu recentemente no concello de Barro coa morte dun lobo por disparos mentres se celebraba unha proba



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23713
Data envío: 19/01/2018 12:50:16.170

do campionato galego de caza do raposo, e como ten acontecido en edicións anteriores desta competición.

A Xunta de Galiza colabora economicamente coa organización destas actividades agresivas, que non están xustificadas nin por razóns de control poboacional nin por potenciais danos producidos polo raposo. Segundo colectivos ecoloxistas como ADEGA, ASCEL e o Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes (GEAS), estas competicións "non só carecen de total reprobación ética e moral senón que non teñen xustificación científica, e fanse á marxe da planificación cinexética dos tecores". Afirmar tamén estas entidades que "Matar raposos non axuda a recuperar as poboacións de perdices nin de coellos, afectadas por múltiples factores, sinalando entre outras, tamén, ás malas prácticas cinexéticas, por sobrecaza ou por repoboacións cinexéticas con animais de granxa, así coma, os cambios no hábitat, como os monocultivos forestais"

Por outra parte, altos cargos da Xunta de Galiza e da consellaría de medio ambiente promoven, difunden, apoian e colaboran con estas batidas indiscriminadas disfrazadas como actividades sociais, deportivas e de promoción do turismo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Prohibir os chamados “campionatos de caza do raposo” e a denominada “Supercopa galega, por resultar unha competición na que se premia a habilidade de matar o maior número de raposos no menor tempo posíbel.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23713
Data envío: 19/01/2018 12:50:16.170

2. Non subvencionar estas actividades, non apoialas nin participar na súa promoción e desenvolvemento.

3. Que ningún cargo público nin representante da administración galega asista aos actos relacionados con esta competición de morte inxustificada de fauna silvestre.”

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2018 12:48:33

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2018 12:48:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23713

Data envío: 19/01/2018 12:50:16.170

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2018 12:48:43

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2018 12:48:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2018 12:48:50

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2018 12:48:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos.

Como xa temos manifestado en anteriores iniciativas, temos constancia de denuncias de traballadores e traballadoras interinas con traballo no sector público dependente da Xunta de Galicia, que están sendo discriminadas pola súa condición de traballadoras con contrato de duración determinada fronte aquelas outras fixas.

Un exemplo, son as solicitudes de traballadoras interinas da Consellería de Política Social, para poder permutar entre elas os postos de traballo que actualmente ocupan e adaptalos a unha mellor conciliación da súa vida laboral e persoal, dereito do que actualmente non poden desfrutar.

Estas solicitudes son denegadas de forma automática pola dirección Xeral da Función Pública en aplicación do establecido no artigo 17 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que non só está obviando o artigo 15.6 do ET e artigo 14 da Constitución Española, si non tamén, cometendo nunha grave irresponsabilidade ao non aplicar o Dereito da Unión Europea, pois o principio de igualdade de trato e non discriminación é un dos principios xerais do Dereito da UE, polo que a Directiva 1999/70CE debe ser considerada de alcance xeral.

Esta falta absoluta de respecto a dereitos fundamentais por parte da Xunta de Galicia, foi denunciada en vía xudicial por dúas traballadoras que tiveron que



acudir ao amparo constitucional pola negativa da Xunta de Galicia de cumprir coa sentenza do Xulgado do Social de Ourense, recorrendo a mesma a segunda instancia que fallou de xeito favorable para a Xunta.

Ante as circunstancias anteriormente expostas, o Tribunal Constitucional ven de fallar a favor das mesmas, considerando que se produciu unha vulneración do principio de igualdade recollido no artigo 14 da Constitución Española e declarando polo tanto a firmeza da sentenza do Xulgado do Social de Ourense que recoñecida o dereito das traballadoras a permutar os seus postos.

Ante estes feitos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Retirar os recursos interpostos pola Xunta de Galicia ás sentenzas que se pronunciaron favorablemente ás traballadoras e traballadores con motivo do anteriormente exposto.
- Negociar no ámbito correspondente a adaptación normativa precisa que dote ao V Convenio Colectivo único dos preceptos comunitarios referidos á igualdade de trato.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 19/01/2018 13:26:47

Luis Villares Naveira na data 19/01/2018 13:26:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García, Juan José Merlo Lorenzo e Pancho Casal Vidal**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte *Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno*.

Exposición de Motivos.

A Xunta de Galicia vén de declarar o interese especial do proxecto eólico Pena Forcada–Catasol II de Laxe o pasado 21 de decembro, autorizando o mesmo ao día seguinte. A Xunta utiliza así, de forma precipitada, a recién estreada Lei de depredación de Galicia, o que demostra a nosa acusación de que a norma estaba prevista para evitar tramites de garantía medioambiental e de transparencia pública ás grandes empresas que pretenden espoliar o país.

Esta tramitación obvia tamén a fragmentación en varios expedientes administrativos do que en realidade supón un único proxecto industrial, o parque eólico de Mouriños. Feito este sobre o que aínda debe pronunciarse a UE.

Esta declaración, tal como denuncian os colectivos ecoloxistas e cidadáns da comarca, foi realizada nun intre procedemental inadecuado, xa que esta debería terse realizado nun momento temperán da tramitación para que a cidadanía tivese coñecemento dos elementos concretos do expediente e, polo tanto, puidese analizar, e no seu caso alegar ou contrapoñer, os argumentos achegados pola empresa e o órgano que procedeu á súa autorización .



Esta actitude da Xunta é absolutamente escurantista, ata o punto de impedir incluso acceder aos informes de impacto dos proxectos, que foron eliminados do trámite de información pública.

Esta actitude provoca indefensión á cidadanía ante a eliminación da información pública necesaria e os argumentos da Consellería que deberan ser recollidos nas memorias oportunas para poder coñecer os supostos beneficios e incidencias dos proxectos nos ámbitos industrias, económicos, sociais, territoriais e incluso de emprego.

Todas estas actuacións foron denunciadas por varios colectivos da zona nun comunicado público que dende o noso grupo compartimos en tódolos seus termos.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a revogar a autorización do Proxecto Pena Forcada-Catasol II, na localidade de Laxe.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/01/2018 13:28:37

Antón Sánchez García na data 19/01/2018 13:29:00

Juan José Merlo Lorenzo na data 19/01/2018 13:29:07



Francisco Casal Vidal na data 19/01/2018 13:29:15

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

A actual Lei de Xogo de Galicia data de 1985 e foi ditada no marco do acordo Comunidade Autónoma-Estado, no que se concretan as competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dunha manifestación máis do desenvolvemento da liberdade individual como consecuencia da eliminación da consideración do xogo como un delito, ao tratarse dunha conduta prohibida anteriormente no noso país.

Na actualidade o xogo debe ser obxecto dunha regulación exhaustiva e axeitada, tanto pola incidencia que pode ter na saúde coma pola fonte de ingresos que supón para o erario público.

A Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, foi obxecto de diversas modificacións ao longo dos anos, mais precisa agora unha profunda reforma que axuste o texto ás necesidades actuais tanto da propia Administración como de todos os axentes afectados polo sector do xogo en Galicia.

Por este motivo, o programa electoral co que a cidadanía galega deu en outubro de 2016 ao Partido Popular de Galicia a maioría parlamentaria que sustenta este goberno citaba expresamente entre os seus compromisos o seguinte: “ *Elaboraremos unha nova Lei de Xogo de Galicia, adecuando a normativa galega de xogo á realidade actual do sector de xogo en España, de xeito que responda ás necesidades actuais e que sexa formulada co máximo grado de consenso co sector para posibilitar un axeitado desenvolvemento desta actividade, respectando os dereitos que puideran verse afectados pola mesma, en particular os dos grupos máis vulnerables (infancia e xuventude)* ”.

Por todo o anterior, o grupo parlamentario popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os traballos para a elaboración dunha nova Lei de xogo que substitúa a normativa en vigor, de xeito que se actualicen os seus preceptos e se recollan as necesidades da sociedade dos nosos días, mantendo os imprescindibles controis que corresponden á Administración, na procura da consecución dunha conciencia xeral do que se entende como xogo responsable “

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 09:53:54

Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 09:54:17

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 09:54:33

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 09:55:02

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 09:55:08

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 09:55:23

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 09:55:36

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 09:56:15

[Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63](#)
[15701 Santiago de Compostela](#)
[T. 981 551 510 F. 981 551 422](#)
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Davide Rodríguez Estévez e da súa deputada Paula Quinteiro Araujo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O pasado mes de outubro do ano 2017, o DOG publicou ó Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

Xa daquela, dende En Marea valoramos moi negativamente os prazos, requisitos, procedemento en xeral, posto que sabiamos que non eran nin suficientes nin funcionais á hora de atallar os problemas que a desgraza do lume espallou por todo o país.

Á hora de querer acceder ás subvencións, a xente atopouse unha complexidade burocrática inmensa, e así o denunciaron tanto alcaldes como afectados/as.

Nalgún concello, como o de Ponte Caldelas, tan só tres ou catro afectados dos 90 recibiron axudas.

Moita xente afectada, alcaldes e colectivos, dirixíronse a En Marea denunciando as dificultades do prazo para solicitar estas subvencións, así como as de acreditar a legalidade urbanística dos bens arrasados polo lume.

Polo exposto, presentamos a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitirlle unha relación das axudas concedidas e denegadas aos distintos grupos parlamentares do Parlamento de Galicia.
2. Sacar unha nova liña de indemnizacións para afectados pola vaga de lumes do ano 2017, que sexan efectivas e que lle sirvan a concellos e persoas físicas acceder a elas.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/01/2018 10:36:57

Paula Quinteiro Araújo na data 22/01/2018 10:37:08

Luis Villares Naveira na data 22/01/2018 10:37:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputado **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Magdalena Barahona Martín**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

No ano 2016 aprobouse no Parlamento estatal unha iniciativa sobre os requisitos de seguridade das gasoleiras desatendidas ou autoservicio.

As gasoleiras que non dispoñan de persoal ao seu servizo para a atención das persoas usuarias están minorando en todo o territorio estatal. Estas estacións de servizo foron moi populares durante a crise polos seus prezos algo máis reducidos, inda que non conseguiron o seu obxectivo de abaratar os prezos e fortalecer a posición das persoas usuarias fronte ao abuso das estacións e subministradoras no prezo dos carburantes.

Ademais entrañan un risco para a seguridade na manipulación por parte de persoas sen formación específica. Non hai que esquecer que estamos ante produtos inflamables facilmente.

Outra problemática dáse cando persoas discapacitadas acceden a estas estacións de autoservicio que lles imposibilita o acceso ás mesmas en igualdade de condicións a outras usuarias, o que ademais se traduce nunha perda de oportunidade para a creación de novos postos de traballo.

En aras de garantir en primeiro lugar, que todas as persoas usuarias poidan acceder en igualdade de condicións a estes servizo, en segundo lugar para manter os postos de traballo nun sector con alto reporte de beneficios como é o sector



dos carburantes, e tamén no fomento da competencia que repercuta positivamente no peto das persoas usuarias, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Aprobar, no ámbito das súas competencias, unha norma sobre estacións de servizo, gasolineras chamadas “autoservicio” para que as que non teñen persoal dispoñan do mesmo.
- 2.- Fomentar o acceso de todas as persoas usuarias.
- 3.- Garantir a competencia entre as diferentes subministradoras a través da vixilancia e inspección, no ámbito das súas competencias.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Magdalena Barahona Martín

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/01/2018 10:58:23

Magdalena Barahona Martín na data 22/01/2018 10:58:34

Luis Villares Naveira na data 22/01/2018 10:58:44

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Segundo a Política Pesqueira Común (PPC) as organizacións de produtores (OPP) son organismos creados por produtores do sector da pesca e recoñecidos oficialmente que se encargan da xestión diaria. Estas organizacións desempeñan unha función esencial no funcionamento da política pesqueira común e na organización común de mercados: orientan aos produtores cara á pesca e á acuicultura sustentables, en particular mediante a xestión colectiva das actividades dos seus afiliados, axudándolles a adecuar a oferta á demanda do mercado e a crear valor engadido. En definitiva, medidas relacionadas coa trazabilidade dos produtos, pesca máis selectiva, sustentabilidade de recursos e melloras na comercialización.

Debido á súa relevancia, creáronse distintos instrumentos para apoiálas. Entre eles os plans de produción e comercialización, uns instrumentos innovadores que permiten a xestión colectiva das actividades dos produtores e grazas aos que as organizacións poden tomar medidas adecuadas para acadar os seus obxectivos. O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) axuda á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización.

Os plans para as OPP están aprobados desde 2014, non obstante, na realidade ocorre que esas axudas están bloqueadas desde a súa orixe. A execución por parte da UE e Goberno do Estado é practicamente nula. En consecuencia, o sector do mar vese obrigado a anticipar os recursos co conseguinte custe financeiro.

A complexidade da súa formulación e a falta de criterios claros na elección de proxectos a financiar poden ser elementos que contribúan a unha baixa execución xeneralizada en toda a Unión Europea. De ser certas estas consideracións débese proceder a realizar cambios profundos no seo da Unión Europea, e o Goberno debería ter a iniciativa de dirixirse a Bruxelas con propostas claras que axuden a desbloquear esta situación e facela máis accesible e áxil.

Neste escenario, a conselleira do Mar anunciou en setembro do ano pasado que aboaría as axudas pendentes dos últimos exercicios (2014, 2015 e 2016) antes de finais do ano 2017.



Grupo Parlamentario

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) Faga efectivo os pagos pendentes ás organizacións de produtores do sector da pesca, no prazo máximo de dous meses, para paliar os efectos negativos que sobre estas organizacións ten a falta de execución dos recursos económicos derivados dos plans de produción e comercialización.

2º) Se dirixa o Goberno central e lle esixa que demande das institucións europeas unha maior simplicidade e unificación de criterios para a tramitación destas axudas, así como o desbloqueo da aplicación dos plans de produción e comercialización pendentes de executar desde o ano 2014.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2018 11:01:03

Julio Torrado Quintela na data 22/01/2018 11:01:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 11:01:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus **deputados Luís Villares Naveira e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección de Mobilidade, puxo en marcha en marzo do ano 2017 a contratación dun estudo completo para determinar as actuacións de mellora da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña. Formalizou o contrato dos estudos de alternativas existentes para mellora da liña de ferrocarril entre Ferrol e A Coruña.

A empresa seleccionada Proyfe dispuña de 6 meses para a elaboración dos estudos e a súa entrega á Xunta de Galicia, estudos de alternativas existentes para a mellora da liña de ferrocarril entre Ferrol e A Coruña.

O obxectivo desta iniciativa do Goberno galego, segundo a nota de prensa emitida, é “dispoñer dun coñecemento exhaustivo do funcionamento do servizo ferroviario entre Ferrol e A Coruña e as posibilidades de actuación para mellorar a súa modernización, mellorando a súa funcionalidade e competitividade”, como un asunto prioritario que a Xunta lle trasladaba ao Ministerio de Fomento, que se comprometeu a abordar a cuestión conxuntamente co Goberno galego.

Os estudos a realizar consistían:

1.- Análise dos desprazamentos actuais dos cidadáns a través do corredor A Coruña e Ferrol

2.- Mellora a través de determinadas actuacións para optimizar os tempos de percorrido.

3.- Análise e estudo das infraestruturas ferroviarias e o seu trazado para mellorar servizos de viaxeiros e mercadorías.

4.- En relación ao transporte de viaxeiros, estudaranse :

- Variantes que permitan incrementar a velocidade de operación, conseguindo tempos de viaxe máis baixos e competitivos en relación a estrada.

5.- Mercadorías:

- Estudo do aumento das cargas máximas a remolcar por calquera locomotora que circule pola liña.

Fin:

- favorecer a a intermodalidade ferropuertaria
- mellorar a oferta de transporte de mercadorías na zona urbana Ártabra.

6.- Comparativa de tempos de percorrido actuais nas liñas de transporte público regular no corredor A Coruña- Ferrol e futuros coas propostas plantexadas, así como unha avaliación das sinerxias existentes entre o transporte por ferrocarril e estrada e viceversa para optimizar a mobilidade nesta zona.

En abril do 2017 o Parlamento de Galicia aprobou demandar ao goberno central a modernización da liña ferroviaria entre Ferrol e A Coruña, mediante unha



iniciativa do GP Popular na que se demandaba ao Goberno ao impulso da modernización da conexión establecendo fases sucesivas para o desenvolvemento das actuacións que permitisen acurtar os tempos de percorrido. Fomento cifrou arredor de 1.000 millóns de euros o custo da nova liña férrea entre A Coruña e Ferrol para conseguir unha redución nos tempos que agora mesmo están sobre 80-90 minutos.

O estudo de impacto ambiental traballa nalgunha das tres alternativas plantexadas para evitar que o tren teña que chegar a Infesta desde A Coruña e dar marcha atrás desde Betanzos para tomar a vía de Ferrol. Así a redacción do estudo das alternativas ao bypass de Betanzos-Infesta encargábase pola Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria por 17.500 euros no mes de decembro de 2017.

Os retrasos son continuos, e inda que as melloras de actuación nesta liña estaban previstas para este ano 2018 nos Presupostos Xerais do Estado finalmente non foron executados. Moito ruído e poucas noces.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse ao goberno central para solicitar a execución das melloras prometidas na liña Ferrol – A Coruña.
- 2.- Publicar o estudo de alternativas existentes para mellora da liña de ferrocarril entre Ferrol e A Coruña no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia á disposición da cidadanía.



3.- Realizar todas aquelas melloras técnicas como o By-pass de Betanzos que supoñan unha mellora nos tempos de percorrido.

4.- Incrementar a frecuencia horaria dos trens desta liña, así como fomentar o seu uso.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/01/2018 11:11:03

Marcos Cal Ogando na data 22/01/2018 11:11:08



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante do anuncio feito desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o 7 de decembro e polo que se acorda someter a participación pública o documento de inicio do Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Fragas do Eume. Desde o BNG vemos necesario abordar unha xestión do Parque Natural que aborde os problemas existentes e sexa un marco que permita non só a súa preservación e conservación, senón a convivencia de todos os sectores implicados e a potenciación deste espazo como un elemento clave na dinamización económica e cultural deste espazo. Para isto poder ser real debe facerse de xeito consensuado entre tódolos axentes sociais implicados, conectado con outro plans que lle inciden, coherente coa situación da comarca e que favoreza que os espazos protexidos, ademais de ser lugares de conservación do noso patrimonio natural máis sensible, sexan elementos de creación de emprego de calidade e de asentamento da poboación rural.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:33
Nº Rexistro: 23801
Data envío: 22/01/2018 11:33:04.053

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que no relativo ao Plan de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume se apliquen as seguintes medidas e criterios:

1. Favorecer un proceso de participación social , real, para a elaboración do PRUX, capaz de integrar os obxectivos de protección e promoción dos valores do Parque coas propostas achegadas pola poboación local, nomeadamente propietarios e representación social implicada.
2. Compromiso de negociación e acordo con todos os sectores implicados para que o resultado final sexa froito dun consenso.
3. Garantir a participación nas decisións das poboación locais.
4. Establecer medidas de compensación directa aos propietarios/as de terras no Parque polas restricións e limitacións de uso, previa inclusión dunha relación de persoas afectadas con expresión do parcelario con referencias catastrais, tipo/causas de afección, e cantidades económicas.
5. Favorecer, potenciar e promover alternativas e cambios de uso para aquelas actividades restrinxidas ou limitadas que resultaran incompatibles cos obxectivos de protección do Parque.
6. Fixar medidas concretas e cuantificábeis sobre a creación de emprego asociada ás labores de mellora, conservación e mantemento do Parque Natural e vinculadas co desenvolvemento sostíbel deste espazo.
7. Establecer na memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario de “Financiamento da Rede Natura 2000”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:33
Nº Rexistro: 23801
Data envío: 22/01/2018 11:33:04.053

8. Determinar un Mapa de Zonificación sobre dun parcelario con referencias catastrais na que aparezan claramente delimitadas cada unha das zonas de protección en que se divide o mesmo fixando o perímetro e límites concretos de cada unha das distintas zonas.

9. Incluír no plan reitor unha regulación normativa concreta e específica dos usos e actividades cotiáns e ordinarios cuxo desenvolvemento vai prohibir, autorizar ou permitir nas leiras e montes integradas no parque natural, coa que se garanta a seguridade xurídica en relación ás actuacións que poidan levar a cabo os/as propietarias das mesmas.

10. Coordinar o contido deste plan, con outros instrumentos de planificación que lle afectan.”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:33
Nº Rexistro: 23801
Data envío: 22/01/2018 11:33:04.053

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2018 11:32:03

María Montserrat Prado Cores na data 22/01/2018 11:32:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/01/2018 11:32:10

Olalla Rodil Fernández na data 22/01/2018 11:32:13

Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2018 11:32:16

Ana Pontón Mondelo na data 22/01/2018 11:32:19

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Antonio Quiroga Díaz, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Ribeira Sacra caracterízase polo gran e rico patrimonio que posúe e que vai dende restos dos primeiros poboadores ata o tan coñecido románico, pasando polos primeiros asentamentos castrexos e a chegada dos romanos ata os pazos e a vida dos nosos avós.

Un patrimonio amplo e variado que hai que dinamizar, protexer e divulgar co fin de amparalo e así pódelo mostrar a todo aquel interesado en coñecelo.

Destaca, por si mesmo, o túnel romano de Montefurado situado nun dos concellos da Ribeira Sacra -Quiroga-, é un dos vestixios máis importantes e valiosos da minería romana no noroeste peninsular; unha obra de enxeñería monumental levada a cabo no século II co fin de extraer o ouro que o Sil levaba no seu transcurso. A estrutura orixinal abarcaría sobre uns 20 m de alto e 120 m de lonxitude pero un dos derrubes de maior envergadura, unha crecida en 1934, deixou só os 52 m actuais.

O estudo sísmico e de localización de fallas feito hai aproximadamente corenta anos é o último traballo técnico sobre o túnel do que hai constancia.

Mediante a simple observación, Vidal Romaní di ter constatado que a lousa do túnel: “está bastante deshecha y muy oxidada, así que las paredes del túnel pueden ceder y provocar un derrumbe de la bóveda”. Nesas condiciones, advirte: “el túnel se puede hundir en cualquier momento”. A mediados do ano 2017 persoal do Instituto Xeolóxico y Mineiro de España (IGME) revisou sobre o terreo a situación na que se atopa o túnel de Montefurado.



Grupo Parlamentario

Son varios os avisos e chamadas de advertencia que se veñen producindo nos últimos anos, dirixidos ás administracións competentes co fin de protexer e amparar un vestixio único na Ribeira Sacra, pero que no obtivo ningunha resposta. De continuar sen se facer nada o túnel romano de Montefurado, máis pronto que tarde, acabará sendo unha imaxe que se gardará en formato dixital para reportaxes e documentos e con el desaparecerá o máis destacado vestixio da importante actividade mineira romana en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar, no prazo máis breve posible, un estudo pormenorizado do estado actual do túnel de Montefurado, e sobre a base das súas conclusións adoptar as medidas adecuadas para preservar este legado patrimonial.

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/01/2018 12:09:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2018 12:09:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/01/2018 12:09:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2018 12:09:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Pedro Puy Fraga, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Unión Europea atópase nun momento de grandes cambios e desafíos que están a influír na súa folla de ruta a seguir.

O Reino Unido é unha das maiores economías da Unión Europea, cunha renda *per cápita* superior á media comunitaria e contribuidor neto ao orzamento europeo. Por iso, á espera de que se concrete o proceso de negociación da súa saída da UE, considérase necesario levar a cabo unha análise preliminar dos seus posibles efectos e do novo marco de relación que podería xurdir co Reino Unido. A aprobación por referendo da saída do Reino Unido da Unión Europea está xerando desafíos políticos, xurídicos e económicos que deben ser resoltos entre todos os Estados.

Este asunto é de grande interese para o noso grupo, como xa quedou reflectido no programa electoral co que obtivemos a confianza maioritaria do pobo galego nas eleccións de outubro de 2016, no que recollíamos expresamente esta vontade: “*Seguiremos as negociacións para a saída do Reino Unido da Unión Europea, unha vez se invoque o artigo 50 do Tratado da UE, e as súas posibles consecuencias para Galicia*”. Dito mandato viuse xa reflectido nunha proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia o 21 de febreiro de 2017 e na que se instou á Xunta á elaboración dun informe sobre as consecuencias do ‘Brexit’ que xa foi elaborado e remitido aos distintos grupos parlamentarios.

Por todo o anteriormente descrito, e pola importancia que o Brexit pode ter para Galicia o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **proposición non de lei en pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un foro que permita o seguimento da evolución do Brexit no que participen os interlocutores económicos e sociais e que sirva para reflexionar sobre as consecuencias do Acordo e o seu

posterior desenvolvemento así como para propoñer medidas para a adaptación á nova realidade en cada ámbito”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 12:32:20

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 12:32:41

Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 12:32:52

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2018 12:33:02

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 12:33:21

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 12:33:31

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 12:33:37

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 12:33:45

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 12:33:56

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate Pleno**.

Exposición de Motivos:

O 15 de maio de 2017, o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo asumiu a presidencia pro tempore da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal. No decurso do Plenario, celebrado na cidade de Braga, fíxose efectivo o traspaso de poderes do Presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal ao Presidente da Xunta de Galicia. O contido do seu discurso xa avanzaba algunhas das claves sobre os que ían ser os eixos da súa presidencia:

O primeiro obxectivo é avanzar no artellamento da Eurorrexión a través da mellora das infraestruturas. Para falar dun espazo xenuinamente común, é imprescindible ter unhas conexións que faciliten a mobilidade da poboación.

Esta aposta polas infraestruturas axudaranos a acadar o segundo obxectivo, que é potenciar a innovación e o crecemento económico.

A vertebración do territorio e o crecemento económico contribuirán a avanzar cara ao noso terceiro obxectivo estratéxico: a dinamización demográfica e o envellecemento activo. A Eurorrexión vai reclamar sempre ante Europa que a demografía sexa unha prioridade política que se reflicta nas políticas de cohesión. A resposta que deamos ao desafío demográfico perfilará a Europa do futuro.

Para vertebrar estes tres eixos, a Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal deberá orientar as súas actividades cara ao fomento e o desenvolvemento de proxectos e propostas a prol da cooperación transfronteiriza, en materias que sexan de especial interese e relevancia tanto para a nosa Comunidade Autónoma como para a Rexión Norte de Portugal.

Un obxectivo que é de grande interese para este grupo, que xa levaba no programa electoral co que gañamos as eleccións de outubro de 2016 un apartado específico sobre relacións con Portugal no que se expresaba a intención de “*seguir afondando*” no noso “*modelo de cooperación transfronteiriza*” cos obxectivos, citados no noso programa, de “*favorecer o desenvolvemento económico conxunto da eurorrexión*” e de

“mellorar as condicións de vida dos cidadáns, nomeadamente os das zonas fronteirizas, a través da chamada ‘cooperación de proximidade’”.

Por todo o anteriormente disposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a celebración de cimeiras entre Galicia e Portugal en asuntos sectoriais de interese para ambas partes e de carácter transfronteirizo”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 12:26:18

Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 12:26:52

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/01/2018 12:27:16

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 12:27:42

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 12:28:07

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 12:28:19

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 12:28:23

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 12:28:42

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 12:28:52

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus **deputados Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate **en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector da gandería e agricultura pasa por momentos moi delicados no noso país.

A unha poboación minguada pola emigración en busca de oportunidades de traballo, e envellecida na relativa á que ficou na terra atopamos estes dous sectores como os máis prexudicados e que viron como se reducía a súa actividade.

A cota láctea e os baixos prezos do leite que afogan as gandería galega e que fixeron que moitas botaran o peche.

Doutra banda o cambio climático que tamén provoca grandes desastres como os vividos no ano pasado onde despois dun mes de febreiro e marzo inusualmente quentes para a época do ano sobreviñeron xeadas que danaron vides, cultivos; e despois un período especialmente seco, interrompido por sarabiadas que acabaron por rematar un ano especialmente duro. Por outra banda as recentes inundacións precedidas dos incendios que asolaron a nosa terra e parte do país veciño converteron esta labor nunha profesión na que se asumen grandes riscos. A isto hai que sumarlle a grande cantidade de animais que viven nos montes que causan danos aos cultivos, como os teixos, os xabarís, lobos, osos.



As persoas gandeiras e agricultoras deberían ter uns seguros que os axudasen fronte a todas estas vicisitudes, axeitadas ás necesidades dos sectores que aseguran, permitindo que as aseguradas vivan tranquilas.

Sen embargo, conséntase que moitas destas persoas non dispoñen dos seguros como método de aseguramento fronte as continxencias que se producen no seu labor diario, pola falta de adecuación á realidade do sector que se está asegurando cunhas determinadas características e porque son moi caros en relación ao percibido posteriormente cando se produce o sinistro asegurado no que cobran o importe exacto pagado polo mesmo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

1.- Axeitar a normativa de seguros ás diferentes actividades englobadas no sector primario, con adecuación ás características técnicas de cada actividade asegurada, con especial revisión e adecuación das primas e das coberturas aseguradas no sector gandeiro e agrario, con plena identificación da específica actividade que se asegura e tendo en conta elementos determinantes como a súa extensión, actividade, características e problemas específicos así como os tempos de resposta cando se produce o sinistro, comprobación e o pagamento das coberturas aseguradas.

2.- Axeitar o plan da Xunta de axudas á contratación de seguros agrarios á realidade específica de cada actividade, así como incrementar a contía específica dedicada a este fin.



Santiago de Compostela a 22 de xaneiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/01/2018 13:05:00

Luis Villares Naveira na data 22/01/2018 13:05:15

Paula Quinteiro Araújo na data 22/01/2018 13:05:22

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Imposto sobre o Patrimonio é un tributo de carácter directo e de natureza persoal que grava o patrimonio neto das persoas físicas, de ámbito estatal pero cedido ás comunidades autónomas. A vixencia do dito imposto é renovada anualmente, e así o Real decreto-lei 3/2016, do 2 de decembro, prorrogou para o exercicio de 2017 a súa vixencia.

Ao remate do ano pasado, o 30 de decembro de 2017, o Goberno do Estado aprobou unha serie de medidas para proceder á prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do 2017 para o ano 2018, pero entre as medidas fiscais non aprobou a prórroga para o Imposto sobre o Patrimonio.

Incluso, segundo algunhas fontes públicas, responsables do Ministerio de Facenda están a considerar a continuidade ou supresión deste tributo.

Tal cuestión resulta contraria aos intereses de Galicia. Cabe recordar que os orzamentos galegos para o actual exercicio 2018, conteñen un ingreso para a facenda galega cunha previsión de 71 millóns de euros polo Imposto sobre o Patrimonio.

Pero dáse a circunstancia que nestes momentos tal imposto non está activado para o ano en curso, atopándose pendente dun acordo por parte do Goberno central, que xa debeu proceder a incluílo na prórroga presupostaria para 2018.

Esta cuestión vén a unirse ademais á falta das contías acordadas de entregas a conta á Comunidade Autónoma por parte do Estado, constituíndo todo iso unha auténtica chantaxe do Goberno central ás comunidades autónomas, que non debe ser consentido nin referendado por estas.



Grupo Parlamentario

Pero o presidente Feijóo e o seu executivo novamente parecen facer prevalecer os seus intereses partidarios sobre os institucionais, e participa nesta política da confusión e oportunismo, cando o que debería é esixir o Estado que cumpra coas súas obrigas con Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno do Estado para solicitarlle que proceda á aprobación da prórroga correspondente á vixencia do Imposto sobre o Patrimonio para o exercicio 2018.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2018 10:22:13



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2018 10:22:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2018 10:24:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é “Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional.

No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta Etapa Modelo en todo o Camiño, vanse a abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:

Servizos ao peregrino:

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Wifi na rede de albergues públicos
- Profesionais cualificados: idiomas
- Oferta gastronómica
- Produtos artesanais
- Oferta cultural
- Camiño limpo e en bo estado
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 Km.
- Asistencia sanitaria
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño
- Conservación do Patrimonio cultural
- Plantación de especies autóctonas
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cAda 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise
- Fonte de auga potable cada 20 Km
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

No paso do camiño de Santiago polo concello de Arzúa, as deficiencias son varias:



Grupo Parlamentario

- O pavimento empedrado en Boente está en mal estado, provocando a caídas das persoas peregrinas.
- O pavimento de Ribadesiso está en mal estado, levantado nalgúns tramos, o que provoca caídas nas persoas peregrinas.
- Falla de saneamento na zona do albergue público de Ribadesiso.
- Mal estado do camiño entre A Taberna Vella e a Calzada na parroquia de Burres.
- Falla de soterramento do tendido eléctrico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de tres meses se arranxen as deficiencias do Camiño de Santiago o seu paso polo termo municipal de Arzúa.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2018 13:28:49

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/01/2018 13:28:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2018 13:29:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2018 13:29:26

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas

No seu apartado 4. Retos e visión compartida, establécese que a visión é “Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino do 2021 e un camiño modelo demostrador internacional.

No apartado 8. Visión desexada no 2021 deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta Etapa Modelo en todo o Camiño, vanse abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Grupo Parlamentario

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller o peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre as que se vai actuar:

Servizos ao peregrino:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente
- Wifi na rede de albergues públicos
- Profesionais cualificados: idiomas
- Oferta gastronómica
- Produtos artesanais
- Oferta cultural
- Camiño limpo e en bo estado
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 Km.
- Asistencia sanitaria
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño
- Conservación do Patrimonio cultural
- Plantación de especies autóctonas
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cada 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise
- Fonte de auga potable cada 20 Km
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta.
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño.



Grupo Parlamentario

- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados.
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño.

No paso do camiño de Santiago polo concello de Melide, as deficiencias son varias:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- A asistencia sanitaria é deficiente, posto que en Melide conflúen o camiño Francés e o Camiño Primitivo, chegando a poboación do concello a duplicarse en determinados períodos do ano, mentres que a asistencia sanitaria segue a ser a mesma para as urxencias: un PAC para Melide, Toques e Santiso dotado cun/a médico/a e un/a ATS.
- Mal estado de conservación na aldea de Furelos:
 - 1º) Acumulación de escombros a carón dun rego polo que descorren augas sucias, situado no centro da Aldea.
 - 2º) Firme moi desigual que propicia tropezos e caídas de peregrinos.
 - 3º) Mal estado do treito do camiño dende a saída de aldea cara a Melide.
 - 4º) A Ponte Medieval en mal estado de conservación a pesar de terse anunciado polo Ministerio de Fomento unha actuación integral.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que no prazo máximo de tres meses arranxe todas as deficiencias demandadas nos Camiños de Santiago ao seu paso polo concello de Melide.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2018 13:13:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/01/2018 13:13:41

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2018 13:13:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2018 13:13:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á carencia de persoal sanitario na comarca das Mariñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca das Mariñas, composta polos municipios de Abegondo, Aranga, Betanzos, Bergondo, Coirós, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras e Paderne, está a sufrir desde hai anos unha crecente deterioración da sanidade pública. Trátase, sen dúbida, dun problema xeneralizado, de ámbito nacional, que ten a súa explicación nas políticas da Consellaría de Sanidade e nas decisións do Goberno de Madrid; ambas as instancias son responsábeis por este deterioro dos servizos públicos sanitarios, froito dos reiterados recortes orzamentarios na materia.

A decisión política dos gobernos do PP, por tanto, teñen consecuencias moi negativas para o País e concretamente para a comarca das Mariñas. Os recortes en sanidade afectan desde anos atrás ao persoal e ao estado das infraestruturas, e estas dúas, por súa vez, afectan moi negativamente, á calidade da atención ás persoas usuarias do sistema de sanidade pública galega.

A comarca das Mariñas ten sufrido nos últimos anos unha aceleración deste proceso e son norma, a non substitución de profesionais sanitarios, o colapso nos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23926
Data envío: 23/01/2018 13:48:16.702

servizos, a eliminación de servizos antes existentes, os incumprimentos de compromisos de arranxos ou a construción de novos centros.

Queremos facer fincapé ademais en que os recortes na nosa comarca veñen de lonxe. Na pasada lexislatura, aló polo mes de agosto de 2012, o noso grupo denunciaba no Parlamento xa recortes na área de pediatría do centro de saúde do Carregal, en Betanzos, referencia para a poboación de Coirós, Paderne, Aranga e Irixoa. Nos últimos dous anos, a Consellaría decidiu non cubrir as vacacións de verán da única pediatra do centro betanceiro. Pero non se trata apenas das vacacións estivais: a negativa do SERGAS a cubrir permisos, baixas e licenzas está a obrigar á outra pediatra e aos médicos de familia de Betanzos e comarca a asumiren a atención d@s nen@s que quedaron sen a súa pediatra. En definitiva, esta negativa do Goberno do PP a cubrir as baixas na área de Pediatría repercute na calidade e prestación do servizo.

Non se trata dunha situación puntual do servizo de Pediatría de Betanzos, senón que lamentablemente se ten convertido xa en práctica habitual, tamén, nos servizos de matrona e de Xinecoloxía, e dáse nas restantes consultas de maneira usual, a causa do proceder do SERGAS, que no mellor dos casos cobre apenas a media xornada estas baixas, substitucións, permisos, etcétera.

Pediatría, matrona, xinecoloxía... a todo isto veu engadirse a finais de 2017 a falta de cobertura en Betanzos das vacacións do persoal de urxencias psiquiátricas, que obrigou a pechar o servizo e a derivar pacientes ao CHUAC até o pasado 9 de xaneiro. É evidente o trastorno que este peche ocasionou a doente do concello de Betanzos e a súa comarca, contribuíndo de paso ao colapso do hospital coruñés.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23926
Data envío: 23/01/2018 13:48:16.702

Así é que o deterioro progresivo dos diferentes servizos do centro de saúde de Betanzos obriga a botar man, por desgraza, dos servizos de urxencias á mínima ocasión, con desprazamentos ao hospital Teresa Herrera e o conseguente colapso das urxencias.

A Consellaría apúrase a culpar os usuarios e usuarios do colapso, cando o verdadeiro responsábel é o Goberno polas decisión que leva tomado.

A Consellaría ten que asumir que a falta de coberturas das vacantes de persoal no centro do Betanzos provoca problemas para todas as persoas usuarias da comarca, que teñen que desprazarse nalgúns casos, como o de Aranga, máis de 3 cuartos de hora até o centro do Ventorrillo. Non é xusto, polo demais, que en concellos rurais teñamos peores servizos e por iso a nosa formación demanda desde hai anos ao goberno galego melloras neste servizo e a garantía do servizo fronte a baixas, vacacións, vacantes e outras situacións similares, en van, dito sexa de paso. Nos últimos cinco anos, o BNG presentou de maneira insistente moitas emendas á súa Lei de Orzamentos en demanda de, cando menos, maiores fondo para persoal. Porén, a resposta do goberno galego ten sido a de perseverar no recortes orzamentarios.

Sirva de exemplo a situación en Aranga, onde o centro de saúde de Muniferral, avisaba, mediante un comunicado da Subdirección de Procesos Asistenciais, que durante o mes de agosto do pasado verán iría reducir o seu horario para asistencia sanitaria urxente. Para o resto de horas, o SERGAS remitía ao centro de Betanzos onde, como vimos dicindo, non se cobren as baixas ou se deriva os doentes á Coruña. Iso en agosto; apenas un mes e medio máis tarde, o SERGAS derivaba pacientes do centro de saúde da Castelanada e aquelas persoas necesitadas de atención médica non urxente ao centro de saúde de Présaras, no concello de Vilasantar. Por último, a finais de ano os centros de saúde de Aranga estiveron sen médico na metade do tempo de apertura



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23926
Data envío: 23/01/2018 13:48:16.702

durante tres días. Para o Partido Popular a prioridade son os recortes e non unha sanidade de calidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Cubrir todas as ausencias do persoal, vacacións, licenzas, ILT... en todos os servizos e en todos os centros da Comarca das Mariñas.
- Garantir a cobertura permanente no servizo de pediatría no centro de saúde de Betanzos.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23926
Data envío: 23/01/2018 13:48:16.702

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2018 12:55:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2018 12:55:40

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2018 12:55:42

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2018 12:57:38

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2018 12:58:41

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2018 12:58:46

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Na actualidade continúaase a dar en Galicia un alarmante deterioro dos servizos dos ferrocarrís de vía métrica que correspondían a extinta FEVE, liquidada en xaneiro do 2013 para ser integrada en Renfe e Adif.

Este declive acrecentouse durante os últimos anos para esta rede que une a nivel galego a Ferrol co límite asturiano, en Ribadeo, período no cal os investimentos realizados foron practicamente nulos, recortouse o seu persoal, minorouse ou suprimíronse frecuencias, ao tempo que continuou o deterioro do seu material rodante, dando como resultado a oferta duns servizos de transporte á baixa e de peor calidade.

Esta situación foi posta de manifesto en numerosas ocasións por moitas das veciñas e veciños da zona, así como por representantes políticos e sociais directamente afectados, pero os responsables do Partido Popular, nin a nivel central nin autonómico, non deron ningunha resposta concreta ás necesidades imperiosas que serían precisas acometer.

Incluso cuestións tan evidentes como posibilitar as viaxes o Hospital da Costa ou proceder a unha reformulación de horarios, son cuestións ás que a Administración nin se digna a responder.

Os anuncios do Ministerio de Fomento son sempre imprecisos e faltos de concreción. Un dos últimos referíase á formulación dun suposto plan de mellora anunciado para finais do ano pasado, dentro da mellora dos servizos de proximidade para o norte peninsular, do que aínda nada se coñece. Iso cando non transcenden noticias que directamente ameazan co peche destes servizos, o cal casa perfectamente ca decadencia que se está a provocar neles.



Grupo Parlamentario

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno do Estado coa finalidade de dotar a liña ferroviaria métrica coñecida como a de FEVE, das condicións axeitadas para optimizar o seu funcionamento, de xeito que se converta nun verdadeiro medio de transporte que cumpra cos modernos estándares de servizo para os concellos de Galicia polos que transcorre, mediante a aprobación dun plan concreto que inclúa os investimentos a levar a cabo e os prazos para acometelos.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/01/2018 17:16:55

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2018 17:17:07

María Luisa Pierres López na data 23/01/2018 17:17:59

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 22 de xaneiro, publicábase no BOE a Orde APM/26/2018, do 11 de xaneiro pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 2129/2008, do 26 de decembro, pola que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento de razas gandeiras.

Este Real Decreto ten por obxecto establecer as normas básicas e de coordinación de dito programa nacional e a regulación da normativa zootécnica dos animais de raza e équidos rexistrados.

Dita disposición incorpora no seu anexo I o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

De acordo co artigo 6 do citado Real Decreto, o recoñecemento, clasificación e incorporación de razas no Catálogo oficial será realizado de acordo os procedementos establecidos a estes efectos pola Comisión Nacional de Coordinación para a conservación, mellora e fomento de razas gandeiras prevista no artigo 34, que incluírán, en todo caso, a presentación e análise da documentación da correspondente raza, así como o preceptivo informe da mesma.

O obxecto desta orde é actualizar dito anexo, mediante a súa substitución por un novo onde se modifica a denominación para catorce razas, e cambia de categoría a tres razas caprinas e a unha ovina de fomento a perigo de extinción, baseándose en propostas que foron admitidas en distintas reunións da citada Comisión Nacional de Coordinación celebradas con posterioridade a publicación do Real Decreto 2129/2008, do 26 de decembro.

Na tramitación da presente orde, foron consultadas as CCAA e as entidades representativas dos sectores afectados.

No seu anexo I (Catálogo oficial de razas de gando de España), no apartado 1 (razas autóctonas) apartado a). (de fomento) atopámonos cunha especie bovina, a Rubia Galega.

Pero no apartado b), especies en perigo de extinción atopamos na especie bovina a vaca Cachena, a Caldelá, a Frieiresa, a Limiá e Vianesa. Na especie caprina a Cabra Galega. Na especie porcina o Porco Celta ou na especie aviar a Galiña de Mos.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementar as medidas necesarias para que oito razas autóctonas galegas deixen de estar no apartado de especies en perigo de extinción no Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.



Santiago de Compostela a 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 23/01/2018 18:01:23

Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2018 18:01:32

Luis Villares Naveira na data 23/01/2018 18:01:41

A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu deputado **David Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo** e **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, **Luis Villares Naveira**, o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 9 de xaneiro, a adega rioxana Ramón Bilbao obtivo 156.706 euros dos 726.400 que repartiron as axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia, o cal é moi rechamante, xa que se trata dunha explotación rioxana. Ao parecer, a Xunta de Galicia entende que a Rioxa é a quinta provincia galega.

O reparto do resto do diñeiro tamén é cuestionable. Só as cinco primeiras beneficiarias repartíronse o 60% dos cartos. Por detrás de Ramón Bilbao atopamos a Agrícola Anmar con 94.941 euros; Terras Gauda, con 61.907; Virxe de Galir, con 74.753; e González Byass, con 51.115.

Non é casualidade que isto suceda. Os propios requisitos das axudas están deseñados para beneficiar as grandes adegas e marxinar as pequenas explotacións, o que xera unha fenda imposible de salvar para os viticultores máis humildes. Outra vez, o Partido Popular favorece a aqueles que disfrutan dunha situación acomodada prexudicando a quen se atopa con maiores dificultades.

Dende En Marea defendemos que os cartos públicos teñen que estar ao servizo de quen máis os necesita. Por iso, cremos que é preciso dedicar unha partida



específica a apoiar e potencia as adegas pequenas e medianas que, entre outras cousas, contribúen a fixar á poboación no campo galego.

A tan reivindicada “lexislatura do rural” ten que concretarse en medidas concretas para quen traballa o campo e o defende fronte o abandono. Temos que apoiar aos nosos produtores e, en particular, temos que apoiar a aqueles que se atopan nunha situación máis delicada. E non por unha cuestión de caridade, senón de facer país. Galicia só pode saír adiante se contamos con todos e todas nós.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear unha axuda específica dedicada a apoiar e potenciar as explotacións vitivinícolas pequenas e medianas.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 23/01/2018 18:22:36

Paula Vázquez Verao na data 23/01/2018 18:22:44

Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2018 18:22:49

Luis Villares Naveira na data 23/01/2018 18:22:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 24006
Data envío: 23/01/2018 18:28:56.263

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Formar en materia de xénero e de prevención da violencia machista especialmente entre o profesorado responsábel da educación das novas xeracións no ensino regrado é fundamental para avanzar colectivamente. Neste sentido, xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia do ensino. De feito, no artigo 14 recolle “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.”

Por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas, co conxunto sociedade como co propio profesorado é preciso esixir pero tamén facilitar elementos capacitadores para tal función. Neste sentido, débese garantir e mellorar a formación e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 24006
Data envío: 23/01/2018 18:28:56.263

capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial.

Desde o curso 2009-2010 impártese o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que deba incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista.

Neste sentido, a raíz dunha Proposición non de lei debatida no Pleno do Parlamento Galego o día 21 de novembro de 2017 o día 22 a Cámara acordou por unanimidade o seguinte acordo “O Parlamento de Galiza insta á Xunta a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos.”

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a elaborar un estudo diagnóstico da formación do profesorado galego en materia de igualdade, xénero e prevención e actuación diante da violencia machista no prazo de 6 meses e levar as súas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 24006
Data envío: 23/01/2018 18:28:56.263

conclusións ao propio Parlamento, ao Consello Escolar de Galiza e aos colectivos estudantís, colectivos profesionais de ensinantes así como ás asociacións de pais e nais de cara a establecer liñas de actuación concretas para os próximos 3 anos.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2018 18:24:58

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2018 18:25:03

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2018 18:25:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 24006

Data envío: 23/01/2018 18:28:56.263

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2018 18:25:08

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2018 18:25:12

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2018 18:25:14

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno, relativa as cacerías de raposos realizadas e a realizar en Galicia nos meses de xaneiro e febreiro de 2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro celebráronse, en cada unha das provincias galegas, os campionatos provinciais de caza de raposo. O sábado, 20 de xaneiro, celebrouse o campionato autonómico en Dozón-Pontevedra, ao que estaba prevista a asistencia da Conselleira de Medio Rural, Ánxeles Vázquez. Todas estas cacerías foron auténticas matanzas de raposos sen ningunha xustificación ambiental, se é que nalgún caso a pode haber.

Para o vindeiro sábado, 3 de febreiro, está previsto que o campionato de España se realice tamén en Galicia, como sucede ano tras ano, nunha localidade que se mantén de momento en segredo. Non sabemos se o decidido apoio da Xunta de Galicia e das súas Conselleiras Anxos Vázquez e Beatriz Mato ten como consecuencia que a Federación Española de Caza decida que todos os anos este lamentable e cruento campionato se celebre no noso País.

Todos eles foron promocionados e patrocinados pola Xunta de Galicia, un feito aberrante para En Marea.

A matar raposos non nos gaña ningún, debe ser o lema da Xunta de Galicia. Para isto si hai diñeiro.

Estas axudas forman parte do escandaloso convenio asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Caza para organizar campionatos onde se matan raposos e outros animais silvestres, e promover a actividade cinexética mesmo entre menores de idade en idade escolar. Mediante este convenio da Secretaría Xeral para o Deporte, da Xunta de Galicia, subvenciónase con 28.404,90 euros á Federación Galega de Caza para organizar estas matanzas. Pero hai moito máis.

A Xunta vai máis aló de simple financiador dos cazadores. No convenio asinado o 24 de abril de 2017 entre a Secretaria Xeral para o Deporte, Marta Miguez Telle, e o presidente da Federación Galega de Caza, a Xunta alenta que se organicen estes campionatos e se promova a actividade cinexética, mesmo entre nenos en idade escolar. Estes son algúns dos delirantes puntos do convenio:

1.- **PROMOVER A SAÚDE MENTAL MATANDO ANIMAIIS:** a Xunta xustifica así este convenio "O interese público deste convenio radica na necesidade de promover o deporte como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico"

2.- **A Xunta OBRIGA Á FEDERACIÓN DE CAZA A QUE SE CACE MÁIS:** entre as obrigacións que a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia establece á Federación Galega de Caza, para entregarlle máis de 28.000 euros ao ano, está "Incrementar a práctica da súa modalidade deportiva no ámbito da nosa comunidade, promover o incremento de clubs adscritos á federación e de licenzas deportivas" (punto 4.3.2.c de obrigacións do convenio)

3.- **PROMOVER A REALIZACIÓN DE CAMPIONATOS E COMPETICIÓNS, SOBRE TODO ENTRE OS MOZOS EN IDADE ESCOLAR:** isto parece sacado dunha película de Berlanga, o convenio indica entre as obrigacións que impón a Xunta aos cazadores, "Realizar campionatos e competicións con especial interese



ás encamiñadas a mozos e mozas en idade escolar". (punto 4.3.2.j de obrigacións do convenio)

4.- OBRIGACIÓN DE ASEGURAR A PRESENZA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE EN TERMOS PUBLICITARIOS: Queda por tanto claro que a Xunta de Galicia non é un simple financiador, senón que é un instigador e promotor dos campionatos de caza de raposo e doutros animais, así como da actividade cinexética en xeral, mesmo entre nenos. E está moi orgullosa diso e, por tanto, esixe que os seus logos formen parte da publicidade destas denigrantes actividades.

Por outra banda, na Resolución de 19 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que desenvolve anualmente a Lei 13/2013 de caza de Galicia, no seu artigo 16.1.d decrétase que: co fin de apoiar a **consecución da finalidade perseguida polas actuacións de xestión**, as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza poderán autorizar, en toda a superficie dos tecores e explotacións cinexéticas comerciais, batidas e esperas ao raposo cando se planificasen e executasen actuacións de mellora sobre aquelas poboacións cinexéticas que poidan ser afectadas negativamente polo raposo. **Para autorizar estas batidas de xestión**, previamente deben ser solicitadas polo/a titular do aproveitamento cinexético, mediante o calendario do plan anual de aproveitamento, fixando as xornadas de caza nas que se realizarán as batidas, **quedando xustificada a súa necesidade** ao facer referencia ás actuacións de mellora sobre as poboacións cinexéticas reflectidas no Plan anual de aproveitamento cinexético.

Os campionatos mencionados nesta exposición de motivos non parecen ter nin xustificar ningún obxectivo de xestión da especie, polo que serían ilegais.



Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir de maneira urxente e, a este fin, En Marea presenta a seguinte

Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Revisar de maneira estrita e científica as xustificacións da necesidade das batidas realizadas nos campionatos citados para a mellora sobre as poboacións cinexéticas e facelas públicas.
- 2.- No caso de non ser presentadas estas xustificacións ou non xustificar de maneira clara, científica e exhaustiva a necesidade das batidas, proceder á prohibición do campionato previsto para o día 3 de febreiro de 2018 e todos aqueles que se queiran desenvolver no futuro.
- 3.- Retirar todo tipo de axuda económica a este tipo de actividades.
- 4.- Modificar a Lei de Caza 13/2013 para prohibir en Galicia todo tipo de campionatos de caza onde se poidan causar danos de maneira intencionada ou a morte de animais.
- 5.- Modificar a Lei de Caza 13/2013 para prohibir a presenza de menores de 18 anos en todo tipo de cacerías.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Asdo.: Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 23/01/2018 19:32:57

Marcos Cal Ogando na data 23/01/2018 19:33:05

Luis Villares Naveira na data 23/01/2018 19:33:15

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

O 31 de xaneiro entran en funcionamento os 4 novos xulgados en Galicia que foron creados polo Ministerio de Xustiza mediante o Real decreto 902/2017 do 13 de outubro.

A inmediata posta en funcionamento o 31 de xaneiro destes 4 novos xulgados en Galicia amosa o esforzo da Xunta de Galicia coa Administración de xustiza, dada conta que tan só 15 xulgados dos creados polo Ministerio en 2017 entrarán en funcionamento na devandita data, e sendo que os restantes xulgados correspondentes a outros territorios, o farán en etapas posteriores do 2018, como reflicte a Orde JUS/1277/2017.

Se ben cómpre continuar coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia nas futuras programacións. E para adoptar as decisións oportunas, resulta imprescindible a debida coordinación entre o Goberno autonómico –responsable dunha eficaz cobertura cos medios persoais e materiais adecuados- e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que como máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia, teñen unha ampla visión das necesidades reais, da evolución dos asuntos e de datos obxectivos e estruturais de cargas de traballo, máis alá de percepcións particulares o situacións conxunturais.

Igualmente, esta demanda coincide co compromiso adquirido polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que acadou a confianza maioritaria dos galegos e das galegas en outubro de 2016 e no cal se comprometía a que *“Demandaremos do Ministerio de Xustiza a creación daqueles novos órganos xudiciais que a Comisión Mixta entre a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estime necesarios, garantindo os medios materiais e persoais precisos para a súa creación, así como seguir a reforzar os órganos daquelas xurisdicións necesitadas de apoio”*.

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que continúe, con cargo á nova programación 2018, coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, que de xeito consensuado propoña a Comisión Mixta, en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asignadas á Comunidade Autónoma”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/01/2018 20:18:29

Paula Prado Del Río na data 23/01/2018 20:18:49

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 20:19:05

Antonio Mouriño Villar na data 23/01/2018 20:19:12

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2018 20:19:22

María Isabel Novo Fariña na data 23/01/2018 20:19:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/01/2018 20:19:40

Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2018 20:19:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A “lexislatura do rural” ameaza con expulsar a pouca poboación galega que aínda resiste no campo. O Goberno popular non está sabendo abordar as súas crises, acrecentadas este ano polas condicións meteorolóxicas extremas; tampouco está atallando as deficiencias dos seus servizos públicos. Ao contrario. Continúa brindando ao rural galego un trato de segunda categoría.

As diferencias entre o espazo rural e o urbano acrecéntanse cando falamos do acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación. Segundo datos provenientes do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) o 37% dos fogares que atopamos no rural non dispón de conexión a internet, mentres que nas cidades galegas a porcentaxe descende ata o 19%. Máis grave é a situación en Ourense e Lugo, onde a dispersión dos núcleos de vivendas e o envellecemento é maior. No rural ourensán, pouco máis da metade dos fogares contan con conexión á rede. En Lugo, a porcentaxe sube un pouco, ata o 62%. Que isto suceda non é unha casualidade. É o resultado da inacción da Xunta de Galicia, que non está cumprindo coa súa obriga de facer accesible internet a toda a cidadanía, afondando, deste xeito, na brecha tecnolóxica.



Ademais do acceso ás novas tecnoloxías, o mantemento dos seus servizos tamén presenta importantes problemas no rural. Estámolo a ver neste momento en Visuña, unha parroquia da montaña lucense que se atopa en Folgoso do Courel. O 8 de xaneiro produciuse unha avaría masiva que deixou o lugar practicamente incomunicado dende o punto de vista tecnolóxico. Dende entón, fallan os teléfonos fixos, a cobertura do móbil, que só aparece nalgúns momentos do día, e internet, que case non existe. O feito de que unha situación semellante sexa impensable nun entorno urbano di moito acerca do trato discriminatorio que reciben os pobos e as pequenas vilas do rural galego.

A Xunta de Galicia ten a obriga de garantir a igualdade de oportunidades de tódolos galegos e galegas; ten, polo tanto, a obriga de evitar que se produzan escenas como a de Visuña; e cando sucedan, ten que poñer os medios para solucionarlas de inmediato. O dereito á información e a comunicación non é un privilexio. É un dereito que ten que ser accesible a todo o mundo.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar protocolos que permitan evitar que os concellos rurais sufran a interrupción prolongada do seu acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez,

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2018 10:18:10

David Rodríguez Estévez na data 24/01/2018 10:18:21

Luis Villares Naveira na data 24/01/2018 10:18:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para o mantemento das Casas Niño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 a Xunta de Galiza aprobou a Orde pola que se fixaban as axudas para a creación de Casas niño. Un servizo dirixido aos concellos con menos de 5.000 habitantes para a atención de crianzas entre 0 e tres anos co que o Goberno galego viña substituír o labor que até entón desenvolvía Preescolar na casa.

As Casas niño serían co-financiadas con fondos europeos (FEDER) e con recursos da Consellaría de Política Social por un período de tres anos repartíndose entre un máximo de 15.000 euros en forma de axuda para gastos de investimento e unha prima de 19.600 euros ao ano destinada a apoiar a iniciativa durante o inicio da súa andaina, segundo dispón a propia Orde.

Para constituír o servizo, as persoas interesadas debían darse alta na Seguridade Social como autónomas ou constituírse nunha cooperativa de traballo asociado.

A finais de 2017 a Consellaría de Política Social deixou de pagar as primas ás Casas Niño constituídas en Lugo e Ourense logo de ter decidido que eses 19.600 euros



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:43
Nº Rexistro: 24033
Data envío: 24/01/2018 10:43:09.085

anuais serían abonados mensualmente previa xustificación do debido desenvolvemento da actividade. Así, chegaron a adebedar as primas correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2017. Ante as queixas continuadas das persoas titulares, a Xunta de Galiza comprometeuse a pagar a prima correspondente ao mes de novembro mais advertindo que até abril de 2018 non volverían percibir a axuda.

Entretanto, o Goberno galego anunciou a apertura de 30 novos proxectos que espallarían o servizo ás provincias da Coruña e Pontevedra.

As irregularidades no pagamento das primas foron postas en coñecemento do FEDER polas persoas prexudicadas. Na súa resposta, o FEDER indicou que se trata dunha parte do financiamento do proxecto correspondente a fondos propios da Consellaría sinalando que a actitude da Xunta podía supor un prexuízo para a viabilidade e mantemento do servizo prestado.

O incumprimento da Consellaría de Política Social no pagamento das primas está a supor un enorme problema económico para as persoas titulares do proxecto que, malia todo, deben afrontar o pagamento das súas obrigas tributarias e os custes fixos derivados da actividade (luz, aluguer, calefacción...).

Cómpre subliñar que a creación das Casas Niño foi o grande anuncio da Xunta de Galiza e do Partido Popular como servizo para garantir a conciliación da vida familiar e profesional nos concellos rurais de menos de 5.000 habitantes. Unha medida que adoptou o Goberno galego despois de suprimir o financiamento que mantiña Preescolar na casa provocando a desaparición deste proxecto pedagóxico premiado e recoñecido internacionalmente.

Porén, unha vez máis vemos como a propaganda do Partido Popular fica niso, en propaganda pois nin sequera paga ás traballadoras que sosteñen o servizo causando



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:43
Nº Rexistro: 24033
Data envío: 24/01/2018 10:43:09.085

graves prexuízos non só a elas senón ás familias usuarias do mesmo e, o máis grave, ás propias crianzas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a pagar as primas adebedadas ás persoas titulares das Casas Niño e a abrir un proceso de diálogo coas mesmas para determinar as condicións en que se desenvolverán os pagamentos no futuro, a mellora das condicións nas que están a prestar este servizo e o futuro financiamento do proxecto a partir de 2019.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:43
Nº Rexistro: 24033
Data envío: 24/01/2018 10:43:09.085

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2018 10:36:03

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2018 10:36:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2018 10:36:14

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2018 10:36:16

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2018 10:36:18

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2018 10:36:25

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O día 16 de novembro do pasado ano, os e as traballadoras da Administración de xustiza facían concentracións ante as sedes xudiciais das 7 principais cidades de Galicia e os días 1 e 13 de decembro ían á folga xeral. O motivo central? Reclamar ao Goberno que acabe coa discriminación con respecto aos e as funcionarias do sector noutras comunidades.

Debido a estas mobilizacións e á presión política, no Parlamento de Galicia o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza votaba a favor das reivindicacións dos e das traballadoras, xunto co resto do seu grupo e os demais grupos parlamentarios. Posteriormente, a partires do 19 de decembro, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais celebrábanse 3 xuntanzas para acadar un acordo nos 5 puntos esixidos ata que, de novo, o Señor Rueda amosou a súa dobrez, non respectando a decisión unánime do Pleno do Parlamento que el mesmo votara e demolendo os tímidos resultados acadados pola mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais. Todo isto avoca a unha nova xornada de folga o día 25 de xaneiro e a unha previsión de folga indefinida a partires do 7 de febreiro, que sen dúbida afectará aos dereitos da cidadanía.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a atender ás reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, nos seguintes termos:

1. Mellorando as retribucións (tamén no complemento autonómico transitorio) dos e das traballadoras da Administración de xustiza e equiparándoas coa media do resto de comunidades autónomas.
2. Consolidando as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de 3 anos.
3. Repoñendo todas as prazas que foron amortizadas.
4. Acadando o 100 % das retribucións que se perciben no momento en que se produce unha situación de incapacidade temporal, ata chegar á equiparación coas establecidas para xuíces, fiscais e letrados da Administración de xustiza.
5. E abonando o 100 % das retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior.

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2018 11:06:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/01/2018 11:07:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2018 11:07:09



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/01/2018 11:07:11

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á prolongación da autovía AG-59 (Santiago-A Estrada).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego aprobou no Consello da Xunta de 7 de decembro de 2017 o “decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de continuación da autovía AG-59, desde o seu punto de finalización actual, na Ramallosa, ata a intersección coa estrada AC-241, en Pontevea”, é dicir autorizou as expropiacións necesarias para a primeira fase da prolongación da autovía Santiago-Ramallosa dispoñendo 2 millóns de euros para efectivizalas, e a previsión de máis de 24 millóns de euros para a prolongación da vía.

Esta ampliación prevista da autovía proxéctase sorprendentemente en tres subtreitos para ser executados por fases, sendo a primeira delas un treito de unicamente 3 quilómetros, concretamente desde A Ramallosa até a AC-241(Ponte Ulla-Pontevea) á altura de Xermeade (Teo).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta decisión é certo que supón reducir de xeito significativo o tráfico que agora circula por Chao do Río e o Ferreiriño, tal e como figura no argumentario da Xunta, pero tamén é certo, e como consecuencia lóxica do anterior, que vai supor un problema engadido en Pontevea, en tanto que todo o tránsito que circule pola autovía con dirección A Estrada vai desembocar no lugar Xermeade e terá que incorporarse á AC-841 na intersección coa AC-241, nun cruce perigoso e no centro de Pontevea.

Así pois, esta decisión xera moita preocupación social en tanto que supón un problema engadido para un núcleo poboacional que xa ten moitos problemas de inseguridade viaria e non tanto polo tráfico que soporta, senón máis ben pola ausencia de medidas en materia de seguridade viaria e de humanización.

Diante disto o BNG considera necesario que a Xunta reconsidere a decisión adoptada en decembro de 2017 de rematar a autovía no lugar de Xermeade e teña en conta as demandas veciñais para prolongar a vía até o concello da Estrada, e nomeadamente cando tamén se prevén, e orzamentan, expropiacións neste termo municipal, e adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria na AC-841 ao seu paso por Pontevea.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 11:54
Nº Rexistro: 24063
Data envío: 24/01/2018 11:54:07.946

-Ampliar a prolongación da AG-59 até o termo municipal da Estrada.

-Acometer un plan de seguridade viaria e humanización da AC-841 no termo municipal de Teo, e concretamente entre os puntos quilométricos 11 e 12 na parroquia de Reis.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2018 11:51:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 11:54
Nº Rexistro: 24063
Data envío: 24/01/2018 11:54:07.946

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2018 11:51:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2018 11:51:56

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2018 11:51:57

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2018 11:51:59

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2018 11:52:06



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o futuro da escola unitaria de Pedroso e as medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir o seu mantemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CRA de Narón agrupa catro escolas rurais das que a Xunta de Galiza prevé pechar unha, a de Pedroso. O argumento do Goberno galego é que para o vindeiro curso académico non contarán con matrícula suficiente para garantir o seu mantemento malia que, en cursos posteriores, a realidade demográfica é ben distinta. De facto, para o curso 2019-2020 hai 9 crianzas nas parroquias que corresponden ao CRA (Pedroso e Doso) interesadas en se matricular.

Neste senso, as familias de Pedroso solicitaron á Consellaría de Educación que permita cursar o primeiro curso de Primaria nesta escola unitaria para garantir o seu mantemento, sexa de maneira temporal ou permanente, como acontece xa noutros Centros Rurais Agrupados do país.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG advertimos en múltiples ocasións das consecuencias sociais que carrega o peche de escolas nun país coma o noso atinxido por unha grave e profunda crise demográfica e despoboamento rural.

Desde as familias que compoñen o CRA de Narón levan semanas a recoller sinaturas coas que reclamar á Xunta que permita a implantación do primeiro curso de Primaria no CRA garantindo así o número mínimo de estudantes e impedir que o centro peche.

Realidades excepcionais, como a que atinxe Galiza, precisan medidas excepcionais. Neste senso, que a decisión de pechar ou non un centro de ensino sexa analizado polo miúdo tendo en conta as repercusións que suporá, non só no inmediato senón tamén no futuro, como reclama a Rede galega de Educación e Desenvolvemento Rural.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Implantar o primeiro curso de Primaria na escola unitaria de Pedroso para garantir o mantemento do servizo no curso 2018/2019.

2. Aplicar unha moratoria ao peche de centros de ensino e abrir un espazo de diálogo coa Rede galega de Educación e Desenvolvemento Rural para abordar as medidas que serán precisas adoptar co obxectivo de garantir a prestación de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 24074
Data envío: 24/01/2018 13:32:21.605

servizos necesarios no rural, nomeadamente educativos, e os criterios que rexan a xestión dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2018 13:30:48

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2018 13:30:54

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2018 13:30:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 24074
Data envío: 24/01/2018 13:32:21.605

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2018 13:30:59

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2018 13:31:02

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2018 13:31:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa á ampliación do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai dous anos que a Consellería de Educación e Cultura deu a coñecer a súa intención de ampliar o CEIP Alfonso Rodríguez Castelao de Vigo coa finalidade de converter este no centro de referencia do barrio vigués de Navia. Obras que finalmente se iniciaron o pasado ano e que non parece que vaian cubrir todas as necesidades referidas pola comunidade educativa, especialmente no referido ao comedor e outros espazos de uso común.

No que respecta á problemática do comedor, a ANPA do centro, encargada da xestión do servizo, denuncia que contan con 110 prazas cubertas das 120 dispoñibles. Unha marxe insuficiente xa que para o vindeiro curso se agarda a apertura de 25 prazas educativas máis. Sabendo, ademais, que para ese curso 2017-2018 só quedarían 6 prazas dispoñibles de alumnos saíntes de sexto curso, non se pode asegurar que o novo alumnado teña praza asegurada no comedor. Posto que na aula destinada a este fin xa se conta con dobre quenda, sendo imposible ampliar máis a oferta. Sen embargo, incomprendiblemente, as obras de ampliación non contan cun espazo para o comedor o que impedirá cubrir toda a demanda existente.

Non é unha excepción xa que o proxecto de ampliación non contempla ningunha mellora de espazos comúns, senón unicamente aumenta o aulario, é máis, a aula de usos múltiples que actualmente se destina ao salón de actos, aula matinal,



ludoteca e aula de relixión veranse reducidas cando se realicen as obras da segunda fase.

Ademais, outras zonas comúns como son a biblioteca ou o patio, constitúen unha ferramenta fundamental para o traballo de contidos transversais así como un punto de encontro do centro coas familias. Tampouco se contempla a construción dun pavillón ou zona debidamente cuberta para a materia de Educación Física, co cal algunhas horas destinadas a esta deberían darse na propia aula en lugar de facelo no ximnasio. Ademais, non existe ningún elemento de comunicación cuberto para evitar que o alumnado de Educación Infantil poida trasladarse entre edificios sen mollarse durante os días de choiva. Estes asuntos poderían solucionarse se a comunidade educativa do centro tivese oportunidade de expresar as súas necesidades á Unidade Técnica de Pontevedra, cousa que non aconteceu como sería desexable.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Iniciar o diálogo necesario coa comunidade educativa do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao de Vigo para tratar de suplir as necesidades referidas.
- Garantir o espazo suficiente para cubrir o servizo de comedor no CEIP Alfonso Rodríguez Castelao para todo o alumnado que o demande.
- Aumentar a zona de patio cuberto para que as nenas e nenos poidan desenvolver as actividades de educación física todo o ano, e non unicamente cando non chove.



- Construír un paso cuberto entre o edificio antigo e o novo para que o alumnado poda circular entre os mesmos sen ter en conta as inclemencias climáticas.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 24/01/2018 17:54:33

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/01/2018 17:54:43

Luis Villares Naveira na data 24/01/2018 17:54:50

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Situación.

Maderas Iglesias é unha empresa situada en Porriño dedicada principalmente á produción de tarima flotante, que chegou a ser o primeiro fabricante do Estado e o terceiro mundial, e que chegou a contar cun cadro de persoal de case mil traballadoras e traballadores.

Destaca laboralmente o feito que case o 80% deste cadro son mulleres.

Nos últimos anos, e debido a unha inaxeitada xestión empresarial, a empresa sufriu 7 ERES, cunha diminución ata menos dos 300 traballadores/as, algúns dos cales acumulan xa 400 días de paro a consecuencia desta situación. No momento actual pesa sobre o cadro de persoal un ERE de 140 e a ameaza da total extinción da actividade.

Este desenlace tería unhas trágicas consecuencias laborais e sociais en toda a comarca, ao supoñer o despedimento dun persoal altamente especializado e



maioritariamente feminino, cunha especial dificultade de reinserción laboral nalgún caso pola longa traxectoria neste único sector.

No momento de rexistro desta iniciativa, os salarios do mes de decembro de 2017 estaban pendentes de aboamento.

Paradoxicamente, a empresa é viable economicamente e o produto que ofrece é de alta calidade e de prezada nos mercados de todo o mundo, onde operou con éxito no último decenio. Posúe ademais unha nutrida rede de clientes que non obstante foron as decisións empresariais as que desviaron a súa demanda a outras empresas.

O IGAPE.

Durante os anos anteriores, o IGAPE avalou determinadas adquisicións de máquinas para a empresa, sen que pola contra tivese intervido nos termos que esta posición lle facultaba (segundo os propios estatutos do IGAPE e demais normativa reguladora) para asegurar a viabilidade do proxecto empresarial avalado, posición que ademais pode quedar comprometida no caso do fracaso da actividade da entidade.

É posible pois unha intervención máis activa do IGAPE en aras a procurar a correcta xestión dos activos da empresa e asegurar a súa remontada.

O Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia pronunciouse unanimemente no mes de outubro de 2017 a prol dunha intervención activa da administración na solución dos problemas que aqueixan Maderas Iglesias e a salvagarda de todos os postos de traballo.

Posteriormente, nunha xuntanza levada a cabo o 27 de decembro, os grupos parlamentarios renovaron o seu compromiso co futuro de Maderas Iglesias, por unanimidade.

As conversas entre o IGAPE, a Consellería de Industria e o Comité de Empresa.

Tras unha posta ao día da situación real, que a administración ignoraba a verdadeira entidade dos problemas de xestión e económicos da empresa, dende o IGAPE só se produciu o compromiso de contactar coas partes implicadas, isto é, administración, acredores, empresa e traballadores.

O compromiso, escaso de por si, non foi acompañado dun calendario de actuacións futuras nin de dación de conta por parte da administración das xestións realizadas, o cal resulta fundamental dado que o tempo corre na contra das persoas traballadoras, polos tempos que marca o propio ERE e máis polos propios temores de descapitalización da empresa que poda facer o empresario.

Risco de descapitalización que comprometa a viabilidade da empresa.

Segundo aseguran os traballadores, e puidemos comprobar como En Marea durante a visita ás inmediacións das instalacións de Maderas Iglesias, acompañados de membros do Comité de empresa e representantes sindicais, a saída de contenedores cargados con material precursor da tarima flotante e mesmo o material rematado con destino a unha terceira empresa propiedade do empresario podería estar dando lugar a unha situación de descapitalización indebida da empresa, tendo en conta que estes bens son o grande activo que



conserva a firma e as dificultades que hai para verificar a corrección mercantil desta operación.

Momento actual. Dación de contas e iniciativas.

Esta situación fai inaprazable coñecer cal é o resultado ata o momento desas xestións, en que consistiron e se iso garante a continuidade da empresa e dos postos de traballo.

Igualmente é urxente que a Administración despreque todas as súas capacidades derivadas das competencias públicas que ostenta máis aquelas que derivan da súa condición de avalista para:

- Garantir a viabilidade do proxecto empresarial e a continuidade dos postos de traballo e
- Investigar a posible descapitalización indebida da empresa

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1. Empregue todas as facultades que derivan da súa posición de avalista de Maderas Iglesias por medio do IGAPE ademais de todas aquelas que lle correspondan como consecuencia das competencias que dispón en materia de emprego, para garantir a viabilidade da empresa e máis a continuidade de todos os postos de traballo.

2. Por medio do organismo competente investigue ou inste a investigación dunha posible descapitalización ilícita da empresa que impida a súa viabilidade.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Marcos Cal Ogando

Eva Solla Fernández

Juan José Merlo Lorenzo

Paula Quintero Araújo

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 24/01/2018 18:50:23

Luis Villares Naveira na data 24/01/2018 18:50:36

Carmen Santos Queiruga na data 24/01/2018 18:50:43

Marcos Cal Ogando na data 24/01/2018 18:50:50

Eva Solla Fernández na data 24/01/2018 18:50:59



Juan José Merlo Lorenzo na data 24/01/2018 18:51:05

Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2018 18:51:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24118
Data envío: 25/01/2018 12:13:24.352

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

No ano 2016 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno, que obriga á Xunta de Galiza a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galiza.

O artigo 19 da lei establece o seguinte:

“Artigo 19. Información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.

2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24118
Data envío: 25/01/2018 12:13:24.352

Tendo en conta o anteriormente exposto, e que non se deu cumprimento ao establecido no citado artigo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dar cumprimento do establecido no artigo 19 da Lei de transparencia e bo goberno.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 11:33:04

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 11:33:09



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24118
Data envío: 25/01/2018 12:13:24.352

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 11:33:13

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 11:33:15

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 11:33:16

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 11:33:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para a protección das pensións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego asistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa escusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron na liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165
Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do IVE, da auga, da luz, dos carburantes... Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do limiar da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165
Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas as razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo:

-Que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.

-A aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital:

- Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.
- Establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.
- Establecer a actualización anual en base ao IPC.
- Eliminarse as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24165

Data envío: 25/01/2018 14:02:47.764

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 14:01:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 14:02:04

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 14:02:06

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 14:02:07

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 14:02:09

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 14:02:16



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para solucionar as deficiencias no PAC de Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación do pobo galego pola situación da sanidade pública vai en aumento, cada vez son máis as persoas conscientes do deterioro da sanidade pública galega froito da decisión do Goberno do PP de favorecer o negocio privado coa nosa saúde e de recortar todo tipo de recursos, persoal, orzamentos, infraestruturas...

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Cada día ponse en evidencia, con crueza, esta situación de retroceso e de deterioro da Atención Primaria en Galiza. Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:56
Nº Rexistro: 24182
Data envío: 25/01/2018 16:56:34.568

acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Neste contexto o PAC de Tui está a sufrir tamén as consecuencias da política sanitaria do Partido Popular. Un megaproxecto” defendido polo anterior alcalde do Partido Popular, Moisés Rodríguez, que aínda carece de licencia de construción, e que desde a súa posta en funcionamento mostra carencias e deficiencias que causan prexuízos tanto a profesionais como a doentes:

-A sala de espera de urxencias é claramente insuficiente, pois so hai espazo para 10 persoas, véndose obrigados a agardar en corredores e en zonas que non son destinadas a tal fin dificultando o traballo do persoal sanitario.

-Na primeira planta do PAC (zona de consultas) existen so 3 baños, dos cales ningún é para uso exclusivo do persoal sanitario, obrigando a compartilo, ou , en caso contrario , téndose que desprazar, o persoal sanitario, á planta menos un.

-Na zona de vestiarios ,de descanso e de comida do persoal sanitario de urxencias, hai un forte cheiro a sumidoiro o que fai imposíbel o traballo diario de xeito digno. Non esquezamos que as quendas laborais abrangue desde ás 15:00 horas até ás 08:00 do día seguinte, ou 24 horas en domingos e festivos.

-A porta principal de acceso ao PAC está situada cara ao norte , polo que os pacientes que realizan xestións na entrada reciben continuas correntes de aire. A súa vez, esta entrada carece de pasarela de protección, e de sitio de aparcamento para poder descargar aos doentes. Por outra banda, polas mañás (até ás 15:00 horas) a porta de urxencias permanece pechada, polo que o persoal de ambulancias vese obrigado a rodear o PAC ou, ben dar aviso, e agardar a que lle abran a porta de urxencias.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns ,o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a solucionar, no menor prazo posíbel, as deficiencias existentes nas instalacións do PAC de Tui, consistentes en:

- Ampliar a sala de espera.
- Habilitar un baño para uso exclusivo do persoal na planta número 1.
- Dar solución ao forte cheiro a sumidoiro na planta -1.
- Eliminar as correntes de aire na actual porta principal.
- Establecer no acceso á porta principal unha zona para o estacionamento de vehículos, que traian ou recollan doentes, así como cubrir a mesma.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 16:56
Nº Rexistro: 24182
Data envío: 25/01/2018 16:56:34.568

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 16:42:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 16:42:15

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 16:42:16

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 16:42:18

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 16:42:19

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 16:42:30

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O lindano é un composto químico que presenta unha elevada toxicidade con efectos adversos para a saúde e o medio en xeral.

Trátase dun composto altamente persistente que fai que a súa degradación sexa lenta e difícil, incorporándose doadamente á graxa do animal que o inxire ou aspire, o que facilita a súa acumulación na cadea trófica e que a súa concentración se eleve en niveis tróficos superiores.

Todas estas características unidas a elevada volatilidade, sendo susceptible de ser transportado polo aire ou apegado a partículas, provocan que sexa un compoñente moi perigoso tanto para a natureza como para a propia saúde das persoas.

Entre 1947 e 1964 a compañía Zeltia fabricou lindano e outros pesticidas nunha planta situada no polígono de Torneiros, no Porriño. Estímase que máis de 1.000 toneladas de residuos xerados nesta fábrica foron vertidas na zona e noutros puntos da rexión, incluso unha parte volvéronse a empregar como material para o arranxo de estradas e como insecticida, orixinando focos de contaminación.

No propio terreo ocupado pola factoría e onde foron depositados residuos contaminantes construíronse vivendas de protección oficial sen que a zona fose descontaminada, descubríndose anos máis tarde que existían altísimas



concentracións deste produto tanto na superficie como nas augas subterráneas e de abastecemento, o que supuxo que a poboación estivese exposta a altos niveis de contaminación durante moito tempo (exposición que en moitos casos aínda continúa a producirse), coas conseguíntes consecuencias para a súa saúde, motivo polo que en 2010 os habitantes do de ditas vivendas foron trasladados.

A pesar de todo isto, non se adoptaron as medidas sanitarias e ecolóxicas oportunas e a día de hoxe análises realizadas demostran que existen altísimos valores de contaminación por lindano nesta zona.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Iniciar controis poboacionais ás persoas que viven nos lugares onde están enterrados os residuos ou aquelas outras que teñen ou tiveron contacto cos mesmos, con arranxo á evidencia científica que indica cales son os prexuízos da sustancia a todos os niveis (endocrino, neurolóxico...)

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira,

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/01/2018 17:41:50

Luis Villares Naveira na data 25/01/2018 17:41:59



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda da redución do IVE sobre os produtos de hixiene íntima.

A desigualdade que sofren as mulleres na sociedade actual pode identificarse en múltiples aspectos, sendo o económico un elemento determinante. Para alén da desigualdade económica directa derivada da discriminación salarial, de representar unha maior ocupación das xornadas parciais e das dificultades no acceso á vida laboral, hai unha desigualdade económica menos visíbel a través dos produtos no mercado coñecidos como de hixiene íntima.

A oferta do mercado fai que cada muller, ao longo da súa vida, teña que empregar na idade fértil diferentes tipos de produtos durante a menstruación. Porén, lonxe de ter un Imposto sobre o valor engadido reducido, como sería lóxico dun produto de emprego básico, é elevado e incrementa de maneira importante o custo da bolsa da compra. Acrecenta, polo tanto, unha desigualdade entre mulleres e homes, que non sofren a suba doutros produtos básicos, afondando nunha diferenza biolóxica e contravindo o principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición persoal ou social.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que na IX lexislatura, a iniciativa da deputada do Grupo Parlamentario Mixto Dona Carmen Iglesias Sueiro, o Pleno do Parlamento Galego aprobou o 24 de febreiro de 2016 unha Proposición non de lei sobre as demandas que debía realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co IVE que se estaba a aplicar aos produtos de hixiene íntima feminina co seguinte acordo: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar co Goberno do Estado a rebaixa do IVE ao 4 % para os produtos de hixiene feminina como compresas, tampóns ou copas menstruais.

Porén, pasados case dous anos deste acordo, as mulleres galegas seguimos sufrindo a carga impositiva abusiva por parte do goberno central malia que tamén no Congreso dos Deputados se teñen aprobado iniciativas semellantes.

A inexistencia, neste momento, dunha facenda galega con capacidade para xestionar este tipo de imposto impide que o poidamos facer desde Galiza con carácter inmediato. Aínda así, cómpre que desde o Parlamento Galego e a Xunta de Galiza se esixa ao Goberno central unha rectificación que, neste momento económico de aumento da recadación, deba ser posta en práctica sen máis dilación.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1- Dirixirse ao goberno central para demandar a redución do IVE sobre os produtos coñecidos como de hixiene íntima (compresas, tampóns e copas menstruais) do 10% ao 4%



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24202
Data envío: 25/01/2018 17:57:11.294

2- Elaborar e remitir ao Parlamento galego un informe sobre as actuacións levadas a cabo para o cumprimento desta demanda.

3- Desenvolver, no ámbito das súas competencias, a divulgación das alternativas ás compresas e tampóns e das súas vantaxes económicas e de respecto ao medio ambiente nas súas campañas informativas, especialmente as desenvolvidas ou destinadas a centros educativos e de xuventude.”

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 17:53:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24202

Data envío: 25/01/2018 17:57:11.294

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 17:53:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 17:53:24

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 17:53:26

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 17:53:27



Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 17:53:35



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para a presentación do “**Plan Galicia Innova 2020**”.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O xogo patolóxico ou ludopatía é un trastorno caracterizado por un pobre control de impulsos que se manifesta por recorrentes e mal adaptadas condutas de xogo. O DSM-V (Quinta Edición do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais) inclúe o xogo patolóxico como un trastorno aditivo, o que se denomina adicción sen substancias. O crecemento da ludopatía ou xogo patolóxico está en relación directa co aumento e a difusión, con restricións moi limitadas, da oferta de xogo. A indefensión ante este incremento afecta tanto as persoas máis vulnerables psicoloxicamente, como a aquelas que atravesan tensión emocional ou dificultades económicas.

En España, o incremento do xogo foi exponencial desde a súa legalización en 1977. O noso país é actualmente, xunto con Alemaña, o que maior gasto en xogo per cápita realiza de Europa, e un dos maiores do mundo. Constátase que despois das máquinas comecartos, os xogos on-line supoñen o maior problema neste eido.

O perfil do xogador on-line é novo, existindo casos de menores que xogan polo fácil que é vulnerar a lei na internet. O xogo en liña constitúese así como a segunda causa de tratamento por adicción ao xogo. A chegada da rede trouxo a un novo tipo de ludópata, a maioría son homes, teñen estudos, e cada vez son máis novos. Ata hai pouco os xogadores empezaban de media aos 28 anos a apostar, na actualidade esa media está xa nos 18 anos. Entre un 1 % e un 2 % dos adultos teñen adicción ao xogo, mentres que entre os máis novos, as cifras oscilan entre o 3 % e o 8 %. Ademais, a relación entre o tempo de exposición aos xogos on-line e o comezo da adicción é tremendamente curto.

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como *“competencia exclusiva da Comunidade, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das Apostas Mutuas*

Grupo Parlamentario

Deportivo Benéficas”. Acorde co anterior e como resultado do acordo Estado-Comunidade Autónoma, ditouse o Real decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, polo que se concreta o que, en materia de xogo, son competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A entrada en vigor da *Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo*, tiña entre os seus obxectivos a protección dos usuarios, a protección dos menores e a protección dos grupos vulnerables. Por iso, correspóndelle ás administracións públicas contribuír a alcanzalos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego da incidencia da ludopatía entre a mocidade na nosa comunidade autónoma?
2. Que mecanismos puxo en marcha a Xunta de Galicia durante os últimos anos, para previr e combater a ludopatía entre os e as máis novos?
3. Cal é a dotación orzamentaria que dedica o Goberno galego á prevención deste trastorno de conducta?
4. Considera o Goberno galego que a actual normativa en vigor reguladora dos xogos e apostas, protexe suficientemente aos menores?
5. Tratouse nalgunha reunión da Comisión de Xogo de Galicia, a proposta do Goberno galego, esta problemática?
6. En caso afirmativo, tomouse algunha decisión ao respecto para previr e combater a ludopatía entre a mocidade?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 18/01/2018 18:57:08

Julio Torrado Quintela na data 18/01/2018 18:57:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O sector lácteo segue afrontando unha crise estrutural ante a que se precisan por en marcha políticas públicas radicalmente diferentes ás actuais. O primeiro paso é facer unha boa diagnose da situación, cuestión que o goberno non está a levar a cabo.

A principios deste ano, a Consellería de Medio Rural realizaba unha nova valoración da situación na que se atopaba o sector totalmente allea á realidade. Os datos están manexados dunha maneira moi sesgada, falando só das cifras do mes de novembro en comparativa con outros anos e sen acompañalas do resto de datos xerais.

Esta valoración corrobora a falla de vontade política de atopar solucións definitivas para o sector, xa que só se centra en facer unha lectura demagóxica para instaurar un relato favorable dende unha óptica partidista.

A realidade amósanos que, a pesar dos anuncios que se fagan, os prezos en Galicia seguen sendo os máis baixos do Estado Español (onde a media é de 33,4 céntimos). Só estamos algo por riba das Baleares (que representa menos do 1% da produción estatal e ten 137 explotacións fronte ás máis de 8.000 galegas), e ademais o Estado Español ten os prezos máis baixos da UE. Ademais, mentres os fortes incrementos dos prezos de produtos industriais repercutiron nos prezos pagados aos gandeiros en Europa, iso non aconteceu en Galicia.

O acordo lácteo asinado o 23 de setembro do ano 2015 móstrase insuficiente. O peche de explotacións non frea. No ano 2017 pecharon 424 explotacións e nos últimos dous anos, 1.129. Son case medio cento de granxas que pechan cada mes no país.

Isto débese a que todavía moitas explotacións seguen cobrando por baixo dos custos de produción.

Situación que se agrava polas actuacións de determinados establecementos que empregan o leite como reclamo con prezos por baixo dos costes de produción, situación que vulnera a lexislación vixente. Por exemplo, o artigo 17 da Lei de Competencia Desleal, que considera “desleais” condutas que poidan “inducir a erro aos consumidores acerca do nivel de prezos doutros produtos ou servizos do mesmo establecemento”, sinalando que se considerará venda con perda cando o prezo aplicado a un produto sexa inferior ao de adquisición, segundo factura, establecendo unha prohibición obxectiva deste tipo de práctica e considerando a infracción como “moi grave”.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte Interpelación:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa na actualidade o sector lácteo?
2. Ten datos a Consellería de Medio Rural das explotacións lácteas que están cobrando prezos por baixo dos costes de produción?
3. Que garantías estableceu a Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo lácteo?



4. Que medidas se están pondo en marcha para paliar o peche de explotacións?
5. Que mecanismos se están adoptando para evitar as prácticas de venda de leite a prezos por baixo do custe de produción en establecementos comerciais?
6. Que está a facer o goberno galego para evitar que os gandeiros e gandeiras teña que asinar prezos ruinosos e condicións unilateralmente impostas polas industrias?
7. Que foi do chamado plan estratéxico para o sector lácteo, anunciado pola Conselleira e para que houbo varias xuntanzas co sector?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/01/2018 12:37:39

David Rodríguez Estévez na data 19/01/2018 12:37:47

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Ribeira Sacra caracterízase polo gran e rico patrimonio que posúe e que vai dende restos dos primeiros poboadores ata o tan coñecido románico, pasando polos primeiros asentamentos castrexos e a chegada dos romanos ata os pazos e a vida dos nosos avós.

Un patrimonio amplo e variado que hai que dinamizar, protexer e divulgar co fin de amparalo e así pódelo mostrar a todo aquel interesado en coñecelo.

Destaca, por si mesmo, o túnel romano de Montefurado situado nun dos concellos da Ribeira Sacra -Quiroga-, é un dos vestixios máis importantes e valiosos da minería romana no noroeste peninsular; unha obra de enxeñería monumental levada a cabo no século II co fin de extraer o ouro que o Sil levaba no seu transcurso. A estrutura orixinal abarcaría sobre uns 20 m de alto e 120 m de lonxitude pero un dos derrubes de maior envergadura, unha crecida en 1934, deixou só os 52 m actuais.

O estudo sísmico e de localización de fallas feito hai aproximadamente corenta anos é o último traballo técnico sobre o túnel do que hai constancia.

Mediante a simple observación, Vidal Romaní di ter constatado que a lousa do túnel: “está bastante deshecha y muy oxidada, así que las paredes del túnel pueden ceder y provocar un derrumbe de la bóveda”. Nesas condiciones, advirte: “el túnel se puede hundir en cualquier momento”. A mediados do ano 2017 persoal do Instituto Xeolóxico y Mineiro de España (IGME) revisou sobre o terreo a situación na que se atopa o túnel de Montefurado.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Son varios os avisos e chamadas de advertencia que se veñen producindo nos últimos anos, dirixidos ás administracións competentes co fin de protexer e amparar un vestixio único na Ribeira Sacra, pero que no obtivo ningunha resposta. De continuar sen se facer nada o túnel romano de Montefurado, máis pronto que tarde, acabará sendo unha imaxe que se gardará en formato dixital para reportaxes e documentos e con el desaparecerá o máis destacado vestixio da importante actividade mineira romana en Galicia.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que actuacións está a desenvolver o Goberno galego en relación coa conservación e recuperación do noso patrimonio arqueolóxico, vestixios únicos das antigas culturas no noroeste peninsular?

2ª) É coñecedor o Goberno galego do estado actual do “túnel de Montefurado”.

3ª) Ten feito algún estudo sobre as condicións de conservación para o túnel de Montefurado, e/ou ten disposto algunha acción para a súa preservación?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/01/2018 14:25:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2018 14:25:22

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/01/2018 14:25:29

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interperlación**.

A eficiencia das infraestruturas e a loxística son factores relevantes para a competitividade dos territorios e, polo tanto, para a atracción empresarial dos mesmos e a capacidade de competir eficazmente.

Igualmente, na situación actual de actuacións contra o cambio climático, tanto os Acordos de París coma os recentemente aprobados polo Parlamento Europeo, conclúen que unha combinación dos nós ferroviarios e dos marítimos produce un sistema de transporte de mercadorías máis sostible, máis verde e máis eficiente.

Galicia padece unha notable desvantaxe no acceso a este modo combinado de transporte, o que afecta á súa prosperidade económica actual e futura.

No pasado ano, nunha reunión entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Fomento, anunciárase a intención do Goberno central de incluír a Galicia (conxuntamente con Asturias, Cantabria e Castela e León) no trazado do Corredor atlántico de mercadorías, utilizando a revisión que se permitía na regulación do Mecanismo Conectar Europa. O que igualmente foi referendado por iniciativas no Parlamento de Galicia promovidas polo Grupo Parlamentario Socialista e incluso polo propio Partido Popular.

Non obstante, ningunha das iniciativas aprobadas foi tida en consideración polo Goberno central. E así o Ministerio de Fomento transmitía non hai moito tempo, que a UE non permitía cambios na actualidade e, por iso, a conexión galega aprazaríase ata o ano 2027.

Non obstante, esta afirmación perdeu todo o seu significado e contido cando se acaba de coñecer que a nova Rede Transeuropea de Transportes incorporará ao Corredor Atlántico outros tramos españois, como o que vai desde Zaragoza pasando por Pamplona. Tal anuncio para “*corrixir unha inxustiza histórica*”, foi realizado o pasado 17 de xaneiro polo actual ministro

Grupo Parlamentario

de Fomento, Íñigo de la Serna Hernáiz, baseándose nunha petición feita polo Goberno de España no ano 2017.

Pero o certo é que, pese ao comprometido e ao contrario do que (lexitimamente) acontece para outras áreas de España, a conexión de Galicia non estará entre os cambios solicitados ou promovidos polo goberno de España á UE.

Os anuncios feitos polo presidente da Xunta de Galicia quedan así convertidos en mera propaganda de curto percorrido. Ao tempo que poñen de manifesto novamente o escaso peso da Xunta de Galicia nas decisións do goberno central, provocando unha situación prexudicial e adversa que acaban sufrindo os galegos e galegas no seu conxunto e, particularmente, o tecido empresarial galego.

Por todo o anterior os deputados e deputadas asinantes interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Coñece cales son os motivos reais da non inclusión, por parte do Ministerio de Fomento, da conexión de Galicia na Rede Transeuropea de Transportes?

2ª) Existe algunha posibilidade de que Galicia entre na Rede Europea de Transportes a curto prazo?

3ª) De ser así, cal e cando?

4ª) É consciente o Goberno galego de que Galicia está a “perder o tren” europeo e hipotecando o futuro dos nosos portos e do noso tecido empresarial?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2018 10:46:36

María Luisa Pierres López na data 23/01/2018 10:46:52

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2018 10:47:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2018 10:47:04

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Imposto sobre o Patrimonio é un tributo de carácter directo e de natureza persoal que grava o patrimonio neto das persoas físicas, de ámbito estatal pero cedido ás comunidades autónomas. A vixencia do dito imposto é renovada anualmente, e así o Real decreto-lei 3/2016, do 2 de decembro, prorrogou para o exercicio de 2017 a súa vixencia.

Ao remate do ano pasado, o 30 de decembro de 2017, o Goberno do Estado aprobou unha serie de medidas para proceder á prorroga dos Presupostos Xerais do Estado do 2017 para o ano 2018, pero entre as medidas fiscais non aprobou a prórroga para o Imposto sobre o Patrimonio.

Incluso, segundo algunhas fontes públicas, responsables do Ministerio de Facenda están a considerar a continuidade ou supresión deste tributo.

Tal cuestión resulta contraria aos intereses de Galicia. Cabe recordar que os orzamentos galegos para o actual exercicio do 2018, conteñen un ingreso para a facenda galega cunha previsión de 71 millóns de euros polo Imposto sobre o Patrimonio.

Pero dáse a circunstancia que nestes momentos tal imposto non está activado para o ano en curso, atopándose pendente dun acordo por parte do Goberno central, que xa debeu proceder a incluílo na prórroga presupostaria para o 2018.

Esta cuestión vén a unirse ademais á falla das contías acordadas de entregas a conta á Comunidade Autónoma por parte do Estado, constituíndo todo iso unha auténtica chantaxe do Goberno central ás comunidades autónomas, que non debe ser consentido nin referendado por estas.



Grupo Parlamentario

Pero o presidente Feijóo e o seu executivo novamente parecen facer prevalecer os seus intereses partidarios sobre os institucionais, e participa nesta política da confusión e oportunismo, cando o que debería é esixir ao Estado que cumpra coas súas obrigas con Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista destes datos, a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Comparte o Goberno galego que na normativa aprobada para a prórroga dos Presupostos Xerais do Estado para o 2018 non foxe incluída a súa vixencia?

2ª) Foi informado o Goberno galego das decisións adoptadas polo Goberno central ao respecto?

3ª) Que consecuencias terá para a facenda autonómica?

4ª) Realizou ou pensa realizar o Goberno galego algunha xestión co obxecto de modificar tal situación?

5ª) Está de acordo cá chantaxe que o Goberno central está a someter as finanzas das comunidades autónomas?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2018 12:39:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2018 12:39:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á carencia de persoal sanitario na comarca das Mariñas.

A comarca das Mariñas, composta polos municipios de Abegondo, Aranga, Betanzos, Bergondo, Coirós, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras e Paderne, está a sufrir desde hai anos unha crecente deterioración da sanidade pública. Trátase, sen dúbida, dun problema xeneralizado, de ámbito nacional, que ten a súa explicación nas políticas da Consellaría de Sanidade e nas decisións do Goberno de Madrid; ambas as instancias son responsábeis por este deterioro dos servizos públicos sanitarios, froito dos reiterados recortes orzamentarios na materia.

A decisión política dos gobernos do PP, por tanto, teñen consecuencias moi negativas para o País e concretamente para a comarca das Mariñas. Os recortes en sanidade afectan desde anos atrás ao persoal e ao estado das infraestruturas, e estas dúas, por súa vez, afectan moi negativamente, á calidade da atención ás persoas usuarias do sistema de sanidade pública galega.

A comarca das Mariñas ten sufrido nos últimos anos unha aceleración deste proceso e son norma, a non substitución de profesionais sanitarios, o colapso nos servizos, a eliminación de servizos antes existentes, os incumprimentos de compromisos de arranxos ou a construción de novos centros.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23925
Data envío: 23/01/2018 13:48:08.060

Queremos facer fincapé ademais en que os recortes na nosa comarca veñen de lonxe. Na pasada lexislatura, aló polo mes de agosto de 2012, o noso grupo denunciaba no Parlamento xa recortes na área de pediatría do centro de saúde do Carregal, en Betanzos, referencia para a poboación de Coirós, Paderne, Aranga e Irixoa. Nos últimos dous anos, a Consellaría decidiu non cubrir as vacacións de verán da única pediatra do centro betanceiro. Pero non se trata apenas das vacacións estivais: a negativa do SERGAS a cubrir permisos, baixas e licenzas está a obrigar á outra pediatra e aos médicos de familia de Betanzos e comarca a asumiren a atención d@s nen@s que quedaron sen a súa pediatra. En definitiva, esta negativa do Goberno do PP a cubrir as baixas na área de Pediatría repercute na calidade e prestación do servizo.

Non se trata dunha situación puntual do servizo de Pediatría de Betanzos, senón que lamentabelmente se ten convertido xa en práctica habitual, tamén, nos servizos de matrona e de Xinecoloxía, e dáse nas restantes consultas de maneira usual, a causa do proceder do SERGAS, que no mellor dos casos cobre apenas a media xornada estas baixas, substitucións, permisos, etcétera.

Pediatría, matrona, xinecoloxía... a todo isto veu engadirse a finais de 2017 a falta de cobertura en Betanzos das vacacións do persoal de urxencias psiquiátricas, que obrigou a pechar o servizo e a derivar pacientes ao CHUAC até o pasado 9 de xaneiro. É evidente o trastorno que este peche ocasionou a doente do concello de Betanzos e a súa comarca, contribuíndo de paso ao colapso do hospital coruñés.

Así é que o deterioro progresivo dos diferentes servizos do centro de saúde de Betanzos obriga a botar man, por desgraza, dos servizos de urxencias á mínima ocasión, con desprazamentos ao hospital Teresa Herrera e o conseguinte colapso das urxencias.

A Consellaría apúrrese a culpar os usuarios e usuarios do colapso, cando o verdadeiro responsábel é o Goberno polas decisión que leva tomado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellaría ten que asumir que a falta de coberturas das vacantes de persoal no centro do Betanzos provoca problemas para todas as persoas usuarias da comarca, que teñen que desprazarse nalgúns casos, como o de Aranga, máis de 3 cuartos de hora até o centro do Ventorrillo. Non é xusto, polo demais, que en concellos rurais teñamos peores servizos e por iso a nosa formación demanda desde hai anos ao goberno galego melloras neste servizo e a garantía do servizo fronte a baixas, vacacións, vacantes e outras situacións similares, en van, dito sexa de paso. Nos últimos cinco anos, o BNG presentou de maneira insistente moitas emendas á súa Lei de Orzamentos en demanda de, cando menos, maiores fondo para persoal. Porén, a resposta do goberno galego ten sido a de perseverar no recortes orzamentarios.

Sirva de exemplo a situación en Aranga, onde o centro de saúde de Muniferral, avisaba, mediante un comunicado da Subdirección de Procesos Asistenciais, que durante o mes de agosto do pasado verán iría reducir o seu horario para asistencia sanitaria urxente. Para o resto de horas, o SERGAS remitía ao centro de Betanzos onde, como vimos dicindo, non se cobren as baixas ou se deriva os doentes á Coruña. Iso en agosto; apenas un mes e medio máis tarde, o SERGAS derivaba pacientes do centro de saúde da Castelanada e aquelas persoas necesitadas de atención médica non urxente ao centro de saúde de Présaras, no concello de Vilasantar. Por último, a finais de ano os centros de saúde de Aranga estiveron sen médico na metade do tempo de apertura durante tres días. Para o Partido Popular a prioridade son os recortes e non unha sanidade de calidade.

Por todo isto formúlase a seguinte Interpelación:

-Vai a Xunta proceder a cubrir as ausencias do persoal na Comarca das Mariñas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23925
Data envío: 23/01/2018 13:48:08.060

-Considera o Goberno galego que se pode prestar unha asistencia sanitaria de calidade cando @s profesionais teñen que asumir o traballo propio e o d@s compañeir@s que non son substituíd@s?

-Que actuacións van realizar para garantir a cobertura permanente no servizo de Pediatría no centro de saúde de Betanzos?

-É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituír ao persoal? Vai facer algo para cambiar esta situación?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2018 13:46:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:48
Nº Rexistro: 23925

Data envío: 23/01/2018 13:48:08.060

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2018 13:46:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2018 13:46:53

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2018 13:46:55

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2018 13:46:57

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2018 13:46:58



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na actualidade continúaase a dar en Galicia un alarmante deterioro dos servizos dos ferrocarrís de vía métrica que correspondían a extinta FEVE, liquidada en xaneiro do 2013 para ser integrada en Renfe e Adif.

Este declive acrecentouse durante os últimos anos para esta rede que une a nivel galego a Ferrol co límite asturiano, en Ribadeo, período no cal os investimentos realizados foron practicamente nulos, recortouse o seu persoal, minorouse ou suprimíronse frecuencias, ao tempo que continuou o deterioro do seu material rodante, dando como resultado a oferta duns servizos de transporte á baixa e de peor calidade.

Esta situación foi posta de manifesto en numerosas ocasións por moitas das veciñas e veciños da zona, así como por representantes políticos e sociais directamente afectados, pero os responsables do Partido Popular, nin a nivel central nin autonómico, non deron ningunha resposta concreta ás necesidades imperiosas que serían precisas acometer.

Incluso cuestións tan evidentes como posibilitar as viaxes o Hospital da Costa ou proceder a unha reformulación de horarios, son cuestións ás que a Administración nin se digna a responder.

Os anuncios do Ministerio de Fomento son sempre imprecisos e faltos de concreción. Un dos últimos referíase á formulación dun suposto plan de mellora anunciado para finais do ano pasado, dentro da mellora dos servizos de proximidade para o norte peninsular, do que aínda nada se coñece. Iso cando non transcenden noticias que directamente ameazan co peche destes servizos, o cal casa perfectamente ca decadencia que se está a provocar neles.



Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego das previsións futuras do Goberno do Estado respecto dos ferrocarrís de vía estreita na nosa comunidade?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Foille solicitada algunha participación para a elaboración do plan anunciado polo Ministerio ao respecto?

3ª) Que actuacións levou a cabo ou pensa realizar para rematar co deterioro destes servizos ferroviarios?

4ª) Considera que deben ser mellorados substancialmente os servizos dos ferrocarrís de vía estreita en Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/01/2018 17:19:58

Raúl Fernández Fernández na data 23/01/2018 17:20:04

María Luisa Pierres López na data 23/01/2018 17:20:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Formar en materia de xénero e de prevención da violencia machista especialmente entre o profesorado responsábel da educación das novas xeracións no ensino regrado é fundamental para avanzar colectivamente. Neste sentido, xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia do ensino. De feito, no artigo 14 recolle “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sofren.”

Por responsabilidade, tanto coas vítimas e potenciais vítimas, co conxunto sociedade como co propio profesorado é preciso esixir pero tamén facilitar elementos capacitadores para tal función. Neste sentido, débese garantir e mellorar a formación e capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 24004
Data envío: 23/01/2018 18:28:39.738

Desde o curso 2009-2010 impártese o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que deba incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacións de violencia machista.

Neste sentido, a raíz dunha Proposición non de lei debatida no Pleno do Parlamento Galego o día 21 de novembro de 2017 o día 22 a Cámara acordou por unanimidade o seguinte acordo “O Parlamento de Galiza insta á Xunta a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do Máster Universitario en Profesorado para a incorporación unha materia específica sobre a atención e a prevención de violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal e seguir propiciando a adquisición de competencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas; así como a resolución de conflitos.”

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Ten avaliado o goberno galego as necesidades formativas do profesorado en materia de violencia machista e igualdade? Con base a que elementos?

-Que avaliación fai o goberno galego do *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora o goberno galego os resultados das formacións específicas na materia dos Centros de Formación e Recursos?

-Que protocolos emprega o goberno galego para o desenvolvemento de iniciativas como o Caderno de identidade de xénero? Con que resultados? Como se avalían?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para promover a consideración por parte das universidades galegas da incorporación dunha materia específica para a atención e prevención da violencia machista? Con que resultado?

-Cal é a folla de ruta ao respecto que ten planificada o goberno galego?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 24004
Data envío: 23/01/2018 18:28:39.738

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2018 18:27:36

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2018 18:27:40

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2018 18:27:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2018 18:27:42

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2018 18:27:44

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2018 18:27:45



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para o mantemento das Casas Niño.

No ano 2016 a Xunta de Galiza aprobou a Orde pola que se fixaban as axudas para a creación de Casas niño. Un servizo dirixido aos concellos con menos de 5.000 habitantes para a atención de crianzas entre 0 e tres anos co que o Goberno galego viña substituír o labor que até entón desenvolvía Preescolar na casa.

As Casas niño serían co-financiadas con fondos europeos (FEDER) e con recursos da Consellaría de Política Social por un período de tres anos repartíndose entre un máximo de 15.000 euros en forma de axuda para gastos de investimento e unha prima de 19.600 euros ao ano destinada a apoiar a iniciativa durante o inicio da súa andaina, segundo dispón a propia Orde.

Para constituír o servizo, as persoas interesadas debían darse alta na Seguridade Social como autónomas ou constituírse nunha cooperativa de traballo asociado.

A finais de 2017 a Consellaría de Política Social deixou de pagar as primas ás Casas Niño constituídas en Lugo e Ourense logo de ter decidido que eses 19.600 euros anuais serían abonados mensualmente previa xustificación do debido desenvolvemento da actividade. Así, chegaron a adebedar as primas correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2017. Ante as queixas continuadas das persoas titulares, a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:42
Nº Rexistro: 24031
Data envío: 24/01/2018 10:42:51.196

Xunta de Galiza comprometeuse a pagar a prima correspondente ao mes de novembro mais advertindo que até abril de 2018 non volverían percibir a axuda.

Entretanto, o Goberno galego anunciou a apertura de 30 novos proxectos que espallarían o servizo ás provincias da Coruña e Pontevedra.

As irregularidades no pagamento das primas foron postas en coñecemento do FEDER polas persoas prexudicadas. Na súa resposta, o FEDER indicou que se trata dunha parte do financiamento do proxecto correspondente a fondos propios da Consellaría sinalando que a actitude da Xunta podía supor un prexuízo para a viabilidade e mantemento do servizo prestado.

O incumprimento da Consellaría de Política Social no pagamento das primas está a supor un enorme problema económico para as persoas titulares do proxecto que, malia todo, deben afrontar o pagamento das súas obrigas tributarias e os custes fixos derivados da actividade (luz, aluguer, calefacción...).

Cómpre subliñar que a creación das Casas Niño foi o grande anuncio da Xunta de Galiza e do Partido Popular como servizo para garantir a conciliación da vida familiar e profesional nos concellos rurais de menos de 5.000 habitantes. Unha medida que adoptou o Goberno galego despois de suprimir o financiamento que mantiña Preescolar na casa provocando a desaparición deste proxecto pedagóxico premiado e recoñecido internacionalmente.

Porén, unha vez máis vemos como a propaganda do Partido Popular fica niso, en propaganda pois nin sequera paga ás traballadoras que sosteñen o servizo causando graves prexuízos non só a elas senón ás familias usuarias do mesmo e, o máis grave, ás propias crianzas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:42
Nº Rexistro: 24031
Data envío: 24/01/2018 10:42:51.196

Por todo o exposto formúlase a seguinte Interpelación:

- Como valora o Goberno galego o funcionamento das Casas Niño?
- A que se deben as demoras e irregularidades da Xunta de Galiza no pagamento das primas que compoñen as axudas públicas ao mantemento das Casas Niño?
- Cre que as irregularidades da Consellaría de Política Social no pagamento das axudas contribúe á calidade da prestación do servizo e ao mantemento do mesmo?
- Por que, perante as reiteradas queixas das persoas titulares, a Consellaría de Política Social non atendeu as súas demandas?
- Que medidas adoptou ou prevé adoptar o Goberno galego para garantir os compromisos económicos coas Casas Niño e a viabilidade destes proxectos?
- Como se están a financiar ou financiarán as novas casas que a Xunta de Galiza anunciou?
- Cal será o futuro das Casas Niño cando remate a orde de axudas prevista na actualidade até 2019?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 10:42
Nº Rexistro: 24031
Data envío: 24/01/2018 10:42:51.196

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2018 10:41:30

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2018 10:41:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2018 10:41:37

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2018 10:41:39

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2018 10:41:40

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2018 10:41:42

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O día 16 de novembro do pasado ano, os e as traballadoras da Administración de xustiza facían concentracións ante as sedes xudiciais das 7 principais cidades de Galicia e os días 1 e 13 de decembro ían á folga xeral. O motivo central? Reclamar ao Goberno que acabe coa discriminación con respecto aos e as funcionarias do sector noutras comunidades.

Debido a estas mobilizacións e á presión política, no Parlamento de Galicia o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza votaba a favor das reivindicacións dos e das traballadoras, xunto co resto do seu grupo e os demais grupos parlamentarios. Posteriormente, a partires do 19 de decembro, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais celebrábanse 3 xuntanzas para acadar un acordo nos 5 puntos esixidos ata que, de novo, o Señor Rueda amosou a súa dobrez, non respectando a decisión unánime do Pleno do Parlamento que el mesmo votara e demolendo os tímidos resultados acadados pola mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais. Todo isto avoca a unha nova xornada de folga o día 25 de xaneiro e a unha previsión de folga indefinida a partires do 7 de febreiro, que sen dúbida afectará aos dereitos da cidadanía.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que vai facer o Goberno galego ante as mobilizacións anunciadas para este ano 2018 polos sindicatos con representación entre o persoal da Administración de xustiza de Galicia?

 Grupo Parlamentario

2. Vai mellorar o Goberno galego as retribucións destes traballadores e traballadoras, tamén no complemento autonómico transitorio, nas retribucións por incapacidade temporal e nos casos de substitucións dun corpo superior?
3. Vai equiparar o Goberno galego os salarios dos traballadores e traballadoras de Xustiza coa media do resto de comunidades autónomas? Cando?
4. Vai consolidar o Goberno galego as prazas que responden a necesidades estruturais? Cando?
5. Vai repoñer o Goberno galego todas as prazas que foron amortizadas? Cando, como e onde?
6. Por que decidiu o Goberno abandonar a mediación da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2018 11:05:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/01/2018 11:05:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/01/2018 11:05:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Galicia non foi unha excepción no proceso de endebedamento que sufriron a práctica totalidade das administracións públicas do sur de Europa como consecuencia da crise financeira e a xestión neoliberal da mesma. Tamén aquí a débeda privada se transformou en débeda pública.

Máis alá da comparación con outras comunidades autónomas, a realidade é que dende 2009 sufrimos un agudo proceso de endebedamento. A débeda de Galicia tense incrementado dun xeito considerable dende o comezo dos gobernos Feijóo, acadando un incremento total de 7.500 millóns de euros dende hai dez anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte Interpelación:

-Que repercusión sobre o conxunto da débeda de Galicia teñen os desequilibrios orzamentarios dos anos 2008-2009?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 25/01/2018 11:15:48

Luis Villares Naveira na data 25/01/2018 11:16:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24120
Data envío: 25/01/2018 12:13:41.834

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No ano 2016 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno, que obriga á Xunta de Galiza a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galiza.

O artigo 19 da lei establece o seguinte:

“Artigo 19. Información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.

2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24120
Data envío: 25/01/2018 12:13:41.834

Tendo en conta o anteriormente exposto, e que non se deu cumprimento ao establecido no citado artigo, formúlase a seguinte pregunta interpelación:

Considera a Xunta de Galiza que o incumprimento do establecido no artigo 19 da Lei de transparencia e bo goberno pon de manifesto, ademais da falta de transparencia, unha falta de respecto cara aos acordos aprobados polo Parlamento?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 12:11:00

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 12:11:05



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 12:13
Nº Rexistro: 24120

Data envío: 25/01/2018 12:13:41.834

Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 12:11:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 12:11:08

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 12:11:10

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 12:11:11

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727